

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Evanxélica	5º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

## 1. Introducción

Dende o equipo do CEIP A Pedra de Bueu entendemos que a programación didáctica ocupa un lugar relevante no conxunto de tarefas docentes. Podéndose definir, como unha proposta concreta de ensinanza-aprendizaxe, concibida para un determinado grupo de alumnos/as e para un período de tempo concreto xa que ...É un valioso instrumento de axuda e orientación para a mestra.

Esta programación reflicta un “lugar” próximo, familiar, seguro, que lles axude aos nenos e as nenas a descubrir cal é o seu lugar no mundo, cales son as súas fortalezas en lugar das súas carencias, afianzando o seu ser como persoas, dende os acertos e os erros, con miradas e mans cheas de moitos “ti podes”, xa que se trata dunha conquista persoal.

Para a súa elaboración baseámonos no establecido na LOE (Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación) que é modificada pola LOMLOE (Lei Orgánica 3/2022, do 29 de decembro)

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer e identificar a Biblia, como o libro, polo cal Deus se comunica co ser humano, mostrando respecto á Palabra de Deus para descubrirmos distintos personaxes: exemplos, ensinamentos, condutas etc.	2-5	1		1	4-5	3	1	3
OBX2 - Coñecer e apreciar a persoa de Xesucristo e o seu amor por toda a humanidade; identificando nos Evanxeos aspectos esenciais das súas accións e ensinamentos para poñelos en práctica no seu día a día como expresión da fe e valores cristiáns.	2	3		2	2	1-3	3	1
OBX3 - Coñecer o amor de Deus, o Creador, que quere relacionarse coas persoas, identificando na Biblia a creación de todas as cousas e en particular do ser humano para participar no coidado da contorna natural e do propio corpo.	4		2-5	3	3	2-4	1	2-3
OBX4 - Recoñecer os valores cristiáns dentro da familia e a súa comunidade, diversas familias e contornas sociais da Biblia como o núcleo de convivencia da fe, para expresar e compartir o seu coñecemento bíblico en situacións da vida cotiá nas que participa.	1-3		1	3	1	1	3	4
OBX5 - Coñecer a etapa do Antigo Testamento, percibindo o plan de Deus, a través das virtudes e defectos dos personaxes bíblicos, para considerar o seu exemplo e entender o desenvolvemento do plan de salvación en favor das persoas.	5		3	1-5	3	1-3	1	2-4
OBX6 - Identificar as principais características da igrexa e do cristianismo; estudando no Novo Testamento os modelos de vivencia das primeiras comunidades cristiáns; para expresar a súa relación con Deus e pór en práctica devanditos modelos.	3	2	4	1-4	1	2	3	3

### Descrición:

A través das competencias, preténdese que os nenos e nenas non só adquiran coñecementos teóricos, senón que aprendan a aplicar os valores cristiáns na súa vida diaria. Estas competencias promoven o desenvolvemento de capacidades como a convivencia, a empatía e o respecto, conectando practicamente os obxectivos da formación espiritual con habilidades útiles para a interacción na comunidade e na igrexa. Os obxectivos xerais do currículo de relixión evanxélica en primaria buscan desenvolver no alumnado unha comprensión integral dos principios cristiáns, baseados na Biblia, que o guían na súa vida cotiá. Entre os obxectivos están: 1. Coñecemento da Biblia: Fomenta o estudo e o coñecemento da Biblia como Palabra de Deus, axudando aos estudantes a familiarizarse coas súas historias, ensinanzas e personaxes clave. 2. Desenvolvemento espiritual: guía aos estudantes a desenvolver unha relación persoal con Deus mediante a oración, a adoración e o recoñecemento de Xesús como o seu salvador e amigo. 3. Valores cristiáns: Promover a vida de valores cristiáns como o amor, a solidariedade, o respecto, a honestidade e o perdón, aplicándoos na convivencia diaria. 4. Identidade cristiá: Axudar ao alumnado a identificar e comprender a súa pertenza á comunidade cristiá, valorando a igrexa como lugar de crecemento espiritual e de fraternidade. 5. Testemuño de fe: Motivar aos estudantes a ser testemuñas activas da súa fe, demostrando amor e servizo aos demais, tal e como Xesús ensinou. 6. Valoración da creación de Deus: Ensinar ao alumnado a valorar e coidar a creación de Deus, promovendo unha actitude de respecto cara ao medio e ás persoas. Estes obxectivos buscan formar aos estudantes de forma integral, axudándoos a crecer na súa fe e vivir de acordo cos principios do evanxeo.

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Percorrido bíblico	Esta unidade busca axudar aos estudantes a comprender como Deus revela a súa vontade e propósitos a través da Biblia. Ademais, ensínase a utilizar a Biblia para buscar orientación en situacións cotiás, desenvolvendo actitudes que favorezan o bienestar emocional e social	10	5	X		
2	Incrible viaxe	Esta unidade invita ao alumnado a descubrir como Deus se revela ao longo da historia bíblica, valorando as ensinanzas dos Reis e Profetas en Israel como guías para unha vida harmoniosa, exploranse as principais características da Reforma Protestante e a influencia dos reformadores, recoñecendo a súa relevancia para a sociedade actual e o seu impacto na fe cristiá.	15	5	X		
3	Crónica do nacemento	Esta unidade explora o papel dos profetas do Antigo Testamento, identificando as profecías que anunciaban a chegada de Xesús e o seu cumprimento no Novo Testamento, diferenciando o enfoque cultural do Nadal coa verdadeira mensaxe bíblica da encarnación, destacando a relevancia da chegada de Xesús. como Salvador.	15	5	X		
4	4 Lenzo en branco	Nesta unidade búscase que o alumnado recoñeza ao ser humano como creado a imaxe de Deus, promovendo actitudes e comportamentos de respecto cara aos demais, destacando que a creación e a vida	15	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	4 Lenzo en branco	son expresións do amor de Deus, fomentando respostas de axuda, servizo e respecto á diversidade en cada situación cotiá.	15	5		X	
5	Segundo principio	Esta unidade aborda a importancia da Semana Santa, axudando aos alumnos a comprender que Xesús e a esperanza cristiá na súa segunda vinda van máis aló do seu tempo na Terra. A través do estudo da resurrección e da promesa do seu regreso, exploramos como a súa presenza segue transformando a historia e ofrecendo esperanza.	15	5		X	
6	Familia 3.0	Esta unidade céntrase en apreciar o valor da familia a través das ensinanzas bíblicas sobre as relacións familiares, axudando aos estudantes a desenvolver as súas responsabilidades dentro do seu propio entorno, identificando trazos distintivos e promovendo o respecto polas diferenzas individuais e culturais	15	5			X
7	A increíble odisea	Esta unidade busca que o alumnado comprenda que todas as persoas, independentemente da súa orixe ou etnia, poden formar parte da familia de Deus aceptando a Xesús, explorarán pasaxes que reflicten o amor e a misericordia de Deus, ensinando como estas accións aportan seguridade e alegría aos que o seguen.	15	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Percorrido bíblico	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender que Deus revélanos a súa vontade e propósitos a través da Biblia, recoñecendo de maneira guiada, a importancia de escoitar e obedecer a Palabra de Deus.	Facer unha breve reflexión escrita sobre o que significa obedecer a Deus na súa vida diaria.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Importancia de coñecer, afondar e vivir de acordo coas ensinanzas bíblicas.

**Contidos**

- Estrutura do Antigo Testamento. Clasificación dos libros do Antigo Testamento.
- Proceso de formación, transmisión e conservación da Biblia. A fiabilidade das copias dos libros da Biblia.
- A dirección de Deus para as nosas vidas a través da Biblia.

UD	Título da UD	Duración
2	Incrible viaxe	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1. - Analizar a importancia que ten na vida cristiá, a obediencia, a confianza en Deus, o arrepentimento e o temor de Deus, identificando e apreciando as actitudes e valores de personaxes que poden servir de exemplos para o desenvolvemento integral das persoas do século XXI.	Identificar polo menos tres personaxes bíblicos que exemplifican a obediencia, a confianza, o arrepentimento ou o temor a Deus	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

- Historia Bíblica. Desde Samuel ata a caída de Xerusalén.
- Samuel, o papel da oración, a obediencia e a confianza en Deus.
- David, o doce cantor de Israel.
- David, prototipo dun reinado eterno.
- Salomón, o temor de Deus e a sabedoría.

UD	Título da UD	Duración
3	Crónica do nacemento	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1. - Investigar o papel que desenvolveron os profetas do Antigo Testamento identificando distintas profecías do Antigo Testamento que se refiren a Xesús.	Seleccionar polo menos tres profecías específicas do Antigo Testamento que se refiran a Xesús, explicando o seu cumprimento no Novo testamento	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2. - Diferenciar o aspecto cultural do Nadal, contrastándoo coa mensaxe bíblica da encarnación.	Crear un póster ou presentación dixital que ilustre tanto as tradicións culturais do Nadal como a mensaxe bíblica da encarnación, explicando a súa importancia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O papel dos profetas no Antigo Testamento. Isaías anuncia o nacemento de Xesús.</li> <li>- Características do carácter divino de Xesús.</li> <li>- O aspecto cultural do Nadal e a mensaxe bíblica da encarnación. Figuras históricas no nacemento de Xesús, cuxo acontecemento marca a historia da humanidade.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	4 Lenzo en branco	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1. - Recoñecer ao ser humano como ser creado á imaxe de Deus, manifestando actitudes e condutas baseadas no respecto a esta.	Describir rasgos da imaxe de Deus nos seus compañeiros/as	TI	100
CA3.2. - Comprender que a creación e a vida son mostras do amor de Deus a cada persoa respondendo con actitudes de axuda, servizo e respecto á diversidade.	Mostrar respecto e tolerancia cara a persoas de diferentes culturas e capacidades		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O poder de Deus reflectido na creación.</li> <li>- A Declaración dos Dereitos Humanos, principios bíblicos que atopamos nela.</li> <li>- A xenerosidade, a axuda e o servizo como actitudes que reflecten a imaxe de Deus.</li> <li>- A revelación de Deus na creación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Segundo principio	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1. - Investigar o papel que desenvolveron os profetas do Antigo Testamento identificando distintas profecías do Antigo Testamento que se refiren a Xesús.	Crear un ficheiro multimedia con profecías bíblicas referidas a Xesús.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xeografía nos tempos de Xesús.</li> <li>- Xesús escolle a doce discípulos para levar a cabo os seus propósitos. Os seus trazos característicos e a importancia da súa escolla.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Familia 3.0	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1. - Apreciar á familia, extraendo da Biblia algúns ensinamentos sobre as relacións familiares, para aprender a desenvolver as responsabilidades.	Describir as responsabilidades que pode asumir na súa familia	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os proverbios ensínanos a vivir en familia.</li> <li>- Valorar que na familia vivimos con amor.</li> <li>- A integridade do cristián. O exemplo de Xesús.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	A increíble odisea	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2. - Comprender que a creación e a vida son mostras do amor de Deus a cada persoa respondendo con actitudes de axuda, servizo e respecto á diversidade.	Participar en actividades prácticas para axudar aos seus compañeiros/as	TI	100
CA6.1. - Descubrir que todas as persoas, de diferentes pobos e etnias, ao aceptar a Xesús como Señor e Salvador poden formar parte da familia de Deus: a Igrexa, identificando o exemplo de Xesús no seu trato con diferentes persoas.	Describir tres exemplos do trato de Xesús con distintas persoas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A igualdade, a diversidade, a inclusión e a integración como actitudes de construción social, ante situacións de discriminación e marxinación como ofensa a Deus e como feito indesexable.</li> <li>- Deus nos xustifica pola graza a través da fe en Xesús. A graza de Deus que libera.</li> <li>- O arrepentimento na vida cristiá como condición para ser perdoado.</li> <li>- Textos bíblicos do Antigo e Novo Testamento que falan do plan salvador de Deus.</li> <li>- Comunicar aos demais o evanxeo e a necesidade de reconciliarse con Deus.</li> <li>- Institución e significado da celebración da "Cea do Señor".</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada centrarase en ser activo, motivador, participativo e experimental, co obxectivo de implicar ao alumnado de forma activa e creativa no seu proceso de aprendizaxe. Utilizaranse diversas estratexias que favorezan a participación e o desenvolvemento integral dos nenos e nenas, adaptándose ás súas necesidades e intereses. A metodoloxía fundaméntase na atención personalizada do alumnado, nunha diversidade de actividades, estratexias, experiencias de aprendizaxe, desenvolvemento afectivo e cognitivo do alumnado, aprendizaxe individualizado e cooperativo, relación de aprendizaxe coa contorna, enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes. Na aplicación práctica terase en conta que os/as alumnos/as aprenden cando participan en experiencias, sexan reais, simuladas ou ficticias. Neste sentido, ademais de propoñer os contidos e actitudes que se pretenden impartir, deseñaranse situacións que poñan en contacto os seus alumnos/as con personaxes bíblicos e con ricas situacións nas que poñer en práctica os principios do cristianismo evanxélico. Estas experiencias estarán orientadas cara ao desenvolvemento sostible do medio ambiente, o consumo responsable, os estilos de vida saudables, a inclusión, a igualdade de homes e mulleres, a educación para a paz.... A través das situacións de aprendizaxe intentarase o desenvolvemento de todas as capacidades: físicas, sociais, afectivas, intelectuais. Levarase a cabo unha ensinanza individualizada segundo as características do alumnado. Fomentarase o traballo en pequeno grupo na medida do posible. Entre as metodoloxías que se aplicarán, destacan as seguintes: 1. Aprendizaxe por proxectos: Fomentarase a exploración e a resolución de problemas a través de proxectos nos que o alumnado sexa o protagonista, desenvolvendo a súa curiosidade e habilidades investigadoras. 2. Aprendizaxe cooperativa: Potenciarase o traballo en equipo, onde o alumnado colabore entre si, aprendan a compartir ideas e a traballar xuntos para acadar obxectivos comúns, reforzando así as súas habilidades sociais e empatía. 3. Clases maxistras: Aínda que o enfoque xeral será participativo, ás veces empregaranse clases expositivas breves, adecuadas á idade do alumnado, para introducir ou reforzar conceptos clave de forma clara e directa. 4. Uso das TIC: A integración das Tecnoloxías da Información e da Comunicación permitirá ao alumnado acceder aos contidos de forma visual e interactiva, facilitando a súa comprensión a través de xogos educativos, vídeos e recursos dixitais. 5. Metodoloxía Sensorial: Esta metodoloxía centrarase na aprendizaxe experiencial, onde os nenos e nenas exploran o seu entorno e se expresan a través de múltiples linguaxes (arte, música, xogo simbólico, etc.), fomentando a súa creatividade e autonomía. Conxuntamente, estas estratexias metodolóxicas proporcionarán

un ambiente educativo dinámico e flexible, onde cada alumno ou alumna poderá participar activamente, descubrir o mundo que o rodea e desenvolver as súas habilidades, tanto cognitivas como emocionais, nun ambiente de respecto, cooperación e fe cristiá.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais impresos.
Materiais tecnolóxicos.
Materiais visuais
Materiais sensoriais.
Materiais lúdicos.
Materiais dixitais.
Materiais artísticos

Impresos: fichas, mapas, Biblia...

Tecnolóxicos: Tablets, robots, impresora 3D....

Materiais visuais: Visual thinking, carteis, libros...

Sensoriais: mesa de luz, luz negra, bandexas sensoriais, area...

Lúdicos: xogos, crebacabezas, títeres, xogos de construción, cromos motivacionais...

Dixitais: Aula virtual, Canva, Genially, vídeos educativos, cancións

Artísticos: plastilina, pinturas, rotuladores, selos, ...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase de maneira sinxela e accesible, utilizando recursos visuales e interactivos que permitan obter unha visión xeral dos coñecementos previos do alumnado. Esta avaliación terá lugar nos primeiros días do curso, cun enfoque dinámico que favoreza a expresión natural dos nenos. Empregaranse diversos métodos: Dinámicas de grupo: Realizaranse actividades en grupo que fomenten a colaboración e a interacción, permitindo observar se relaciona o alumnado e comparten coñecementos. Observación directa: O docente realizará observacións directas do alumnado durante as actividades, para identificar fortalezas e áreas de mellora. Autoavaliación: O alumnado participará en procesos de autoavaliación, reflexionando sobre os seus propios aprendizaxes e establecendo metas para o futuro. Rutinas de pensamento: Utilizarase unha rutina na que o alumnado analizará imaxes relacionadas cos relatos bíblicos. Isto non só axudará a identificar o seu grao de coñecemento, senón tamén a desenvolver a súa capacidade de reflexión. Probas escritas e orais: Realizaranse probas iniciais, tanto escritas como orais, que permitan avaliar os coñecementos previos do alumnado de forma estruturada. Xogos e actividades dinámicas: Ao comezo de cada unidade, a avaliación inicial realizarase mediante xogos e diálogos. Estas actividades fomentarán un ambiente lúdico. Ao comezo de cada unidade didáctica realizarase unha avaliación que serve como punto de partida para o desenvolvemento da programación da área e para aplicar reforzos nos casos que o necesiten, asegurando así un acompañamento personalizado no proceso educativo.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	15	15	15	15	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A avaliación será global, continua e formativa, levada a cabo de forma sistemática co obxectivo de ensinar ao alumnado e axudalo no seu desenvolvemento integral. O obxectivo principal será observar e avaliar o progreso do proceso de aprendizaxe e o grao de consecución dos obxectivos mediante os seguintes criterios de cualificación: Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:  $NOTA\ PRIMEIRA\ AVALIACIÓN = (NOTA\ UD1 + NOTA\ UD2 + NOTA\ UD3) / 3$   $NOTA\ SEGUNDA\ AVALIACIÓN = (NOTA\ UD4 + NOTA\ UD5) / 2$   $NOTA\ TERCEIRA\ AVALIACIÓN = (NOTA\ UD6 + NOTA\ UD7) / 2$  Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes: UNIDADE1: Parte actitudinal: 40%. Parte conceptual: 30% Parte procedimental: 30%. UNIDADE2: Parte actitudinal: 40%. Parte conceptual: 30% Parte procedimental: 30% UNIDADE3: Parte actitudinal: 40%. Parte conceptual: 30% Parte procedimental: 30% UNIDADE4: Parte actitudinal: 40%. Parte conceptual: 30% Parte procedimental: 30% UNIDADE5: Parte actitudinal: 40%. Parte conceptual: 30% Parte procedimental: 30% UNIDADE6: Parte actitudinal: 40%. Parte conceptual: 30% Parte procedimental: 30% UNIDADE7: Parte actitudinal: 40%. Parte conceptual: 30% Parte procedimental: 30% Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,... Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación. As Cualificacións serán segundo a citada Orde, os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre

### Criterios de recuperación:

No caso de non superar unha avaliación, darase a posibilidade de recuperación da materia mediante actividades de recuperación e reforzo. Estas serán diversas segundo o obxectivo que se pretenda reforzar (novas fichas adecuadas ás necesidades individuais, recursos audiovisuais, xogos...)

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Ten como finalidade favorecer ao desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e alumnas e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos. Ao integrar o DUA e o xogo nas actividades, promóvese unha aprendizaxe inclusiva e personalizada que axuda a cada neno e nena a crecer na súa fe e na súa capacidade para vivir os valores cristiáns no seu entorno. Ríxese polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia. - O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna xa que poden deberse a dificultades específicas, problemas emotivo - relacionais e/ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable. - Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado. - Favorecer a

aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos e alumnas. - Fomentar a mellora do autoconceito e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos. - Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. -Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os/as alumnos/as nas aprendizaxes. - Plantexaranse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. - Presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe. Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferentes linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha atención individualizada.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - - Educación para a igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - - Educación dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a solidariedade	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - - Expresión oral	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - - Educación para a diversidade	X	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Hai 13 temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Empregarase o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos. A área de Relixión Evanxélica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma: o respecto e compañerismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade.... Educación para a paz :Promover a resolución de conflitos e o diálogo entre compañeiros/as, baseándose nos principios bíblicos de paz e reconciliación. Educación para a igualdade de xénero: Promover a igualdade de xénero entre o alumnado, fomentando o respecto e o aprecio de todas as persoas, independentemente do seu xénero, no contexto dos principios cristiáns de amor e igualdade. Educación para a saúde: Promover hábitos saudables e benestar físico, mental e emocional dende unha perspectiva evanxélica. Educación para o consumo responsable: Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia de consumir de forma ética e responsable, tendo en conta o impacto no medio ambiente e na comunidade. Tolerancia, respecto e compañerismo: Fomentar no alumnado actitudes de tolerancia, respecto e compañerismo, promovendo a convivencia pacífica e o apoio mutuo no contexto dos valores cristiáns. Educación emocional: Promover o recoñecemento e xestión das emocións no alumnado, axudándolle a desenvolver habilidades de empatía e autoconecemento. Fomento da creatividade: Estimular a creatividade do alumnado mediante diversas actividades que lles permitan expresar as súas ideas e sentimentos, promovendo un ambiente de aprendizaxe dinámico e participativo no contexto da fe. Educación dixital: Ensinar ao alumnado a utilizar a tecnoloxía de forma responsable e ética, promovendo o uso de ferramentas dixitais para a educación e a aprendizaxe. Educación para a solidariedade: Promover actitudes solidarias entre o alumnado, instándoo a que se axude e apoie mutuamente e a contribuír á comunidade. Comprensión lectora: Desenvolver as habilidades de lectura e comprensión mediante a exploración de textos bíblicos e outros materiais relacionados. Expresión oral: Promover a capacidade de expresarse con claridade e eficacia, potenciando a comunicación entre compañeiros e no contexto da fe. Educación ambiental: Sensibilizar ao alumnado sobre a creación e a responsabilidade que teñen como cuidadores do mundo segundo a perspectiva cristiá. Educación para a diversidade: Valorar a diversidade cultural e relixiosa, promovendo a inclusión e o respecto polas diferenzas.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día da Reforma	Participación en actividades que teñan que ver coa Reforma Protestante e as 5 solas de Martín Lutero.	X		
A nosa pequena creación	Plantaremos sementes na horta escolar que visitaremos en distintas ocasións		X	
Conmemoracións	O alumnado participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou o equipo de dinamización para festexar datas como: día da muller, da paz, das letras galegas, do medio ambiente	X	X	X
Día do Pobo Xitano	Actividades que incluírán contacontos sobre a cultura xitana, manualidades que reflectan as súas tradicións, xogos cooperativos que fomenten o respecto e a convivencia, e reflexións sobre a diversidade e a importancia da inclusión, fomentando así a empatía e o entendemento cara a todas as culturas		X	
Proxecto Redeiras	Actividade na que o alumnado manterá correspondencia escrita con alumnado doutro centro educativo de relixión católica.	X	X	X
Postais de amizade	Nesta actividade confeccionaranse postais que serán enviadas a outro centro educativo de España, que á súa vez nos enviará as súas propias postais.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
A Biblia viaxeira	Actividade na que o alumnado levará para a súa casa unha mochila coa mascota, Mensaxeiro, unha Biblia e un caderno no que anotará ou debuxará a historia bíblica que mais lle gustou	X	X	X

#### Observacións:

Estas actividades complementarias que se van a levar a cabo no presente curso académico están relacionadas co currículo de educación primaria, relacionadas con todas as áreas ou ámbitos de experiencia e ao mesmo tempo relacionadas cos unidades didácticas traballadas de xeito específico

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A programación didáctica está adaptada ás características do grupo-clase
Metodoloxía empregada
Implantación de diversas estratexias metodolóxicas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Amplo abano de recursos didácticos: TIC, tecnoloxía, arte, sensorial...
Medidas de atención á diversidade
Posta en marcha de actividades diferenciadas que se adapten ás diferentes necesidades e ritmos de aprendizaxe, así como estratexias e recursos de reforzo educativo, tendo en conta a DUA.
Clima de traballo na aula
Fomento dun ambiente de traballo positivo e acolledor na aula, onde se prima a colaboración, o respecto e a empatía entre o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación interdisciplinar e fomento da implicación activa das familias.
Outros
As tecnoloxías intégranse de maneira adecuada nas actividades, facilitando o acceso á información e a interacción. Realízanse actividades de reflexión ao final de cada unidade ou temática.

#### Descrición:

Os instrumentos utilizados para medir os indicadores serán a rúbrica de avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe e da práctica docente que se aplicará despois de cada unidade didáctica.. Ademais empregaremos outros instrumentos que nos permitirán recoller información de forma global, continua e formativa coma o diario de aula e un portfolio. Descrición: 8.2. Procedemento de seguimento, avaiac

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación informática PROENS, de xeito que cada vez rematada unha unidade didáctica realizárase dito seguimento. O seguimento das unidades permitirá tomar decisións para a programación de vindeiro curso

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Combinada: Ciencias da Natureza / Ciencias Sociais	5º Pri.	3 / 2	105 / 70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	31

## 1. Introducción

Esta programación didáctica da área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural está deseñada para un centro público de educación infantil e primaria.

Este centro ten 17 unidades, sendo 5 delas de educación infantil e 12 unidades de educación primaria.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no quinto curso da etapa, polo que conta con dez anos de idade aproximadamente. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de praia, monte, lagoas, etc.

Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Cultura Científica" e "Ciencia e Tecnoloxía"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta" e "O mundo e o desenvolvemento sostible"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía" e "Vivir en sociedade"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización" e "Leccións do pasado".

Esta área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural concíbese co obxectivo de que nenos e nenas cheguen a ser persoas activas, responsables e respetuosas co mundo no que viven e poidan transformalo.

Todo isto levarase a cabo nas 3 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando unha unidade en cada trimestre.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, co coidado e coa protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O MUSEO DE CIENCIAS NATURAIS	O universo. Os Reinos. As plantas. Os animais. Os museos.	32	57	X		
2	VIAXANDO POLO MUNDO	Os ecosistemas. Os climas. Mapas. Goberno. A electricidade.	37	64		X	
3	COMO CAMBIA O MUNDO!	Historia. Alimentación. Avances técnicos.	31	54			X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	O MUSEO DE CIENCIAS NATURAIS	57

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Realizar predicións razoadas simples sobre o traballado no tema.	PE	75
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Realizar predicións razoadas sobre preguntas sobre o medio natural xa traballadas en clase.		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, e comunicar as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións.		
CA2.1 - Coñecer a estrutura e organización dos seres vivos identificando as súas características e funcións.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural.		
CA2.2 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Relaciona, de xeito básico, os diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Establecer conexións sinxelas entre elementos do medio natural.		
CA2.3 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar e establacer conexións entre diferentes elementos do medio natural, comprendendo a relación que existe entre ditos elementos.		
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar características, a organización e propiedades dos elementos do medio natural.	TI	25
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente.		
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar, seleccionar e contrastar información para realizar investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Analizar e comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, utilizando unha linguaxe apropiada.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural.		
CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...).</li> <li>- A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñería como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e o coidado do planeta.</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses.</li> <li>- Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo.</li> <li>- Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade.</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual.</li> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos).</li> <li>- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.</li> <li>- Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).</li> <li>- Estrutura e niveis de organización dos seres vivos: tipos de células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.</li> <li>- A Terra, o universo e o Sistema Solar. Movementos terrestres e fases lunares.</li> <li>- Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada a partir do estudo e da análise das características</li> </ul>

**Contidos**

- de diferentes ecosistemas. Os seres vivos: características, clasificación e tipos.
- Características propias dos animais que permiten a súa clasificación e diferenciación en subgrupos relacionados coa súa capacidade adaptativa ao medio e a realización das funcións vitais: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. Animais autóctonos de Galicia.
- Características propias das plantas que permiten a súa clasificación en relación coa súa capacidade adaptativa ao medio e a realización das funcións vitais: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. A importancia da fotosíntese para a vida na terra. Plantas autóctonas de Galicia.
- Propiedades da materia. Masa e volume. Cálculo da masa e do volume a través da experimentación.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Estratexias de procura de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual).
- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes). Xestión de arquivos.
- Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
- O desenvolvemento sostible. A actividade humana sobre o espazo e a explotación dos recursos. A actividade económica e a distribución da riqueza: desigualdade social e rexional no mundo e en España. Os obxectivos de desenvolvemento sustentable.
- As fontes de enerxía renovables e non renovables.
- Influencia das fontes de enerxía renovables na contribución ao desenvolvemento sustentable.
- Fontes, transformacións, transferencia e uso responsable da enerxía na vida cotiá para afrontar problemas ecosociais.
- Identificación, características e funcións das máquinas simples e compostas de uso cotián.
- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais).
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
  - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
  - O tempo histórico na Idade Media: o Camiño de Santiago, o Románico e o Gótico, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
  - O tempo histórico na Idade Moderna: os descubrimentos, o Renacemento e o Barroco, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
  - As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e da cultura no mundo actual.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
  - Influencia do desenvolvemento tecnolóxico na mellora das condicións de vida e de traballo na sociedade actual.
  - Avances da ciencia na contorna (medicina, tecnoloxías da información e da comunicación, cinema, deporte...).
  - Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima.
  - Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.
  - Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe.
  - Deseño, prototipo, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna.
  - Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Nesta programación didáctica desenvolverase una metodoloxía activa e participativa que atenda a diversidade do alumnado e que permita acadar as competencias clave. Deseñaranse actividades que permitan que cada alumna e alumno acceda a elas segundo a súa capacidade, proporcionando recursos materiais variados, entre os que as TIC teñen un papel relevante.

Prestarase atención na aula á actualidade, sucesos do día a día e conmemoracións.

Seguiranse os principios de aprendizaxe globalizadora e inclusiva, así como os de aprendizaxe significativa.

A liña metodolóxica da programación parte da idea de que na sociedade o acceso á información é cada día maior, polo que a escola debe ofrecer as ferramentas necesarias para que o alumnado aplique procedementos de procurar, comprender e expresar a información segundo o seu pensamento.

As liñas metodolóxicas nas que se basea a programación son as seguintes:

- A aprendizaxe proposta debe ser significativa e funcional, partindo dos coñecementos que o alumnado xa ten.
- O enfoque globalizado é fundamental para traballar contidos e áreas, posto que as partes estudadas se relacionan estritamente.
- Reforzaremos un clima de seguridade e confianza onde os alumnos e alumnas poidan preguntar e propoñer ideas libremente, dentro do respecto, tanto aos seus compañeiros e compañeiras, como ao profesorado.
- Impulsar unha aprendizaxe na que o alumnado non sexan simples receptores da información, senón que tamén participen no desenvolvemento da súa aprendizaxe.
- Atenderemos especialmente aos diferentes ritmos, á motivación e á curiosidade.

As características desta programación implican reforzar a liña de aprendizaxe competencial, proporcionando experiencias para que o alumnado aprenda a observar a realidade, a facerse preguntas e reflexionar sobre os fenómenos naturais e sociais, conseguindo que sexan capaces de elaborar respostas ás interrogantes que formula o mundo natural e social.

A globalidade da programación debe guiarnos nesta materia, sabendo integrar os diferentes contidos arredor da experimentación, da investigación, dos traballos de campo, das saídas, da observación directa e do uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación. O uso das TIC configúrase como un elemento fundamental neste nivel, xa que nos permite motivar ao alumnado, facilitar a relación coas novas aprendizaxes, xeneralizar e ampliar contido e facilitar a transferencia.

Os coñecementos propios das áreas de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais, que parten da propia identidade e do contorno máis próximo, inician aos alumnos no coñecemento, análise e valoración do contorno físico, social e cultural. A integración das competencias relacionadas coas intelixencias múltiples nesta área, implica reforzar as ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e aplicar diferentes estratexias didácticas. Para conseguir isto, reforzaremos as propostas baseadas en tarefas integradas, proxectos específicos trimestrais e/ou actividades competenciais.

A través deste tipo de propostas, o alumnado pode desenvolver as capacidades relacionadas coa planificación do traballo, a selección do tema de interese e os contidos. En definitiva, potenciaremos o traballo colaborativo e cooperativo baseado na corresponsabilidade, que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas e o respecto e comprensión das opinións alleas.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Edixgal.
Murais.

Apuntamentos e esquemas elaborados polo profesorado e o alumnado.
Recursos multimedia.
Material fotocopiabile.
Actividades de Reforzo e Ampliación que nos permiten consolidar os coñecementos dos contidos do tema e ampliar algúns aspectos importantes.
Recursos educativos da internet.
Xornais dixitais e en papel.
Uso da Biblioteca do centro.
Uso de procesadores de texto e aplicacións para crear traballos.
Material manipulable e experimental propio da área.



### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial será por competencias, o cal permitiranos ser máis conscientes das necesidades do alumnado e poder facer un diagnóstico para construír unhas aprendizaxes máis funcionais e significativas, posto que van concretar qué habilidades vai desenvolver o alumnado, relacionándose cos varios criterios de avaliación. Estas probas realizaranse durante os primeiros meses de curso e o seu obxectivo será avaliar o punto de partida do alumnado para facer a transición desde a programación didáctica á programación de aula.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>32</b>	<b>37</b>	<b>31</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	75	75	75	<b>75</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	25	25	25	<b>25</b>

#### Criterios de cualificación:

Nesta programación didáctica, á hora de avaliar colleremos como referencia os criterios de avaliación correspondientes a materia de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural, os cales estarán concretados e contextualizados nos criterios do currículo. Ademais todos os criterios contribuirán na mesma medida ao grado de desenvolvemento da competencia específica e terán o mesmo valor.

Para traballar os criterios utilizaremos unha folla na que se enuncien os mesmos, ademais dos instrumentos de avaliación que se utilizarán durante o curso.

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no

caderno de clase.

Avaliaranse dentro da materia todo o que o profesorado considere que incumbe á mesma e sexa do Proxecto de Innovación Lingüística "A Romaría", traballado por todo o centro educativo neste curso académico 2024-2025.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD1

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= NOTA UD2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD3

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 65%. Investigación e experimentación (táboas de indicadores): 25%.

UNIDADE 2: Probas escritas: 65%. Investigación e experimentación (táboas de indicadores): 25%.

UNIDADE 3: Probas escritas: 65%. Investigación e experimentación (táboas de indicadores): 25%.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

### **Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 60% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 40%.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

Se dispoñemos na nosa aula de alumnado repetidor/a, implementaremos un Plan Específico de Apoio, elaborado conxuntamente co Departamento de Orientación.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X
ET.6 - Espíritu científico	X	X	X
ET.7 - Emprendemento	X	X	X
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.9 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.10 - Educación para el consumo responsable		X	X
ET.11 - Desenvolvemento sostible		X	X
ET.12 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual			X
ET.13 - Educación emocional	X	X	X
ET.14 - Educación en valores: liberdade, xustiza, igualdade	X	X	X
ET.15 - Pluralidade e respecto polo Estado de dereito			X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao FIC Bueu	Relacionado co Tema 3 (avances técnicos)	X		
Obradoiros e xogos tradicionais coa asociación Corredoiras e, San Xoan XXIII	Relacionado co Tema 2 (mapas políticos)	X		
Obradoiros Illas Atlánticas	Relacionado co Tema 2 (ecosistemas)	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída para observar plantas propias de Bueu	Relacionado co Tema 1 (as plantas)	X		
Obradoiros da Asociación Alborada de seguridade na rede	Relacionado co Tema 3 (avances técnicos)		X	
Obradoiros alfombras	Relacionado co Tema 1 (as plantas)		X	
Saída ao Parlamento de Galicia	Relacionado co Tema 2 (mapa político)		X	
Actividade de orientación en Educación Física	Relacionado co Tema 2 (mapas)		X	
Saída á calzada Romana de Meiro	Relacionado co Tema 3 (A Idade Media)			X

**Observacións:**

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación deste tipo de actividades para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

Poderá haber outras saídas pola contorna que vaian xurdindo ao longo do curso e o profesorado considere de interese para o alumnado.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adóptanse estratexias e prográmanse actividades en función dos obxectivos e contidos.
Metodoloxía empregada
Mantense o interese do alumnado.
Dase información ó alumnado dos progresos obtidos ou das dificultades atopadas.
Relaciónanse as actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado.
Utilízanse suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada á avaliación dos diferentes contidos.
Compróbase que o alumnado comprende a tarefa que ten que realizar.
Medidas de atención á diversidade
Tómanse as suficientes medidas para atender aos ACNEAE.

Clima de traballo na aula
Foméntase o respecto e a colaboración entre o alumnado.
Favorécese o traballo autónomo do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantense o contacto coas familias, implicándoas no proceso.
Planifícanse as actividades educativas de forma coordinada co resto do profesorado.

**Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	5º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23



## 1. Introducción

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 5º de primaria do CEIP Plurilingüe a Pedra de Bueu.

O CEIP Purilingüe A Pedra (Bueu) atópase nun núcleo semi-rural de ámbito marítimopesqueiro na Península do Morrazo. Nel conflúen nenos e nenas procedentes do casco urbano e tamén dos distintos lugares, de carácter rural, que o rodean. A meirande parte das familias do alumnado que acolle o centro encádranse dentro da clase social media e mediobaixa.

O centro está formado por dous corpos (edificios):

- Un principal, construído no ano 1972.
- Unha construción a douscentos metros para os alumnos de Educación Infantil.

O recinto escolar dispón tamén dun patio cuberto, varios patios descubertos e un ximnasio de 200 m cadrados e adecuado a normativa L.O.E.

En canto á infraestrutura cultural, Bueu conta cunha Casa da Aldea no lugar de Meiro, que alberga unha sala que funciona como Axencia Municipal de Lectura. Xa no centro da vila está a Casa da Cultura, onde se encontra a biblioteca municipal; o Centro Social do Mar, cun amplo salón de actos; e a Sala de Exposicións Amalia Domínguez Búa. Existen tamén organismos e asociacións do ámbito cultural, social e educativo con iniciativas diversas: actividades extraescolares, programas preventivos,...

Nas proximidades do colexio están situados dous institutos, o IES Illa de Ons (só de secundaria) o IES Johan Carballeira (ESO, FP Básica, Bacharelato, Ciclos formativos de Grao Medio e Superior e Educación de adultos), ao que está adscrito o noso centro.

O alumnado de 5º formado actualmente por 46 nenas/as que están distribuídos en 2 aulas:

- 5º A con 23 (14 nenas e 9 nenos).
- 5º B con 23 alumnos/as (9 nenas e 14 nenos).

O alumnado nesta etapa da E. Primaria explorará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades, o que implica mobilizar toda unha serie de habilidades, actitudes e valores en relación co corpo. Ás características psicolóxicas propias destas idades temos que engadir outras particularidades específicas determinadas pola interacción do alumno-a co ambiente socio-familiar no que vive.

Nesta programación as distintas unidades didácticas están repartidas por trimestre. Estas unidades poderanse complementar con actividades propostas por distintas asociacións e entidades da zona, coas que colaboramos de xeito cotiá e coas actividades propostas dende a biblioteca, elemento vertebrador do noso centro, TICS, Dinamización Lingüística, e outras recollidas no Plan de Convivencia Anual

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude empática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos, de actividades físico-deportivas e de ocio, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	"Posta en forma experimentando e xogando"	Normas e rutinas para o bo funcionamento da clase de E.F. Avaliación inicial Iniciación ao voleibol como un deporte, normas principais, o saque, os toques, rotación, estratexia... Xogos populares e tradicionais. Actividades de loita, equilibrio e xiros. Roteiro pola contorna.	33	22	X		
2	"Coopero coas miñas habilidades"	Deportes alternativos. Xogos cooperativos. Expresión corporal, xogando co corpo: acrosport, ximnasia artística (equilibrios, saltos, xiros), teatro, dramatización... Orientación.	33	26		X	
3	"Que suba o pano! A desfrutar do espectáculo"	Deportes alternativos. Expresión corporal, xogando co corpo: participamos nun espectáculo. Xogos populares e tradicionais. Saídas pola contorna: roteiros (monte, praia...), piscina...	34	22			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	"Posta en forma experimentando e xogando"	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñece os beneficios dunha vida activa para a saúde en xeral		
CA1.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Aplica distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables (trae a roupa axeitada, a bolsa co material, coida o aseo persoal, atende ás explicacións...)	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñece e rexeita no deporte as condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, adoptando actitudes que eviten a súa reprodución.		
CA1.5 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Acepta a propia imaxe corporal e a dos demais mellorando o seu dominio corporal de forma eficiente e creativa en situacións motrices		
CA1.6 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias, sexistas ou violentas.		
CA2.3 - Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Adopta medidas de seguridade durante a actividade, recoñecendo técnicas básicas de primeiros auxilios, evitando riscos e actuando con precaución.		
CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Realiza proxectos motores utilizando estratexias básicas de activación, volta a calma, de cooperación-oposición, anticipación, seguridade... e adopta as decisións axeitadas en situacións lúdicas.		
CA2.5 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Toma decisións en diferentes contextos lúdicos, tendo en conta as distintas situacións que se poden xerar, tanto en situacións a nivel individual como grupal, reflexionando sobre o resultado obtido.		
CA2.6 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Mostra unha disposición positiva cara a práctica física e o esforzo, xestionando adecuadamente as emocións que xurdan		
CA3.4 - Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade.	Reproduce e crea diferentes coreografías sinxelas, que transmitan emocións ou ideas a través do corpo.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosustentable da contorna e comunitaria.	Desenvolve prácticas motrices en diferentes medios ( natural, urbano...) con seguridade, evitando riscos e axudando a conservar o medio que nos rodea		
CA5.3 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, recoñecendo e transmitindo o seu valor cultural e o seu potencial como espazo xerador de interaccións construtivas entre persoas con orixes diferentes e entendendo as vantaxes da súa conservación.	Participa en xogos e actividades da nosa cultura e doutras, valorando a súa importancia e influencia na sociedade, e entendendo as vantaxes da súa conservación.		
CA5.4 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Recoñece e rexeita no deporte as condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, adoptando actitudes que eviten a súa reprodución.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Impacto dos alimentos ultraprocesados e das bebidas pouco saudables.</li> <li>- Educación postural en accións motrices específicas.</li> <li>- Responsabilidade persoal no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- Efectos sociais beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Aproximación aos efectos dos hábitos non saudables e influencia na práctica da actividade física.</li> <li>- Deporte profesional: dimensión social.</li> <li>- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.</li> <li>- Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Efectos psicolóxicos beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Consolidación e axuste realista do autoconceito tendo en conta a perspectiva de xénero.</li> <li>- Respecto e aceptación do propio corpo e do aspecto corporal dos demais.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actitudes consumistas respecto do equipamento. Análise crítica da adquisición de material para a práctica físico-deportiva.</li> <li>- Utilización adecuada e coidado do material, espazos e instalacións na práctica da actividade física.</li> <li>- Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás.</li> <li>- Planificación e autorregulación de proxectos motores: seguimento e valoración durante o proceso e o resultado.</li> <li>- Uso de ferramentas ou plataformas dixitais.</li> <li>- Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais.</li> <li>- Actuacións básicas de primeiros auxilios ante accidentes e lesións durante a práctica da actividade física. Posición lateral de seguridade. Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer).</li> <li>- Esquema corporal: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou superficies inestables.</li> <li>- Estruturação espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición.</li> <li>- Estruturação temporal e espazo-temporal, percepción de duracións, de velocidade, de intervalos, de estruturas e de ritmo.</li> <li>- Dominio e control motor en situacións complexas e descoñecidas.</li> <li>- Iniciación das habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas: aspectos principais.</li> <li>- Creatividade motriz: Identificación de estímulos internos ou externos que exixan un reaxuste instantáneo da acción motriz.</li> <li>- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas.</li> <li>- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.</li> </ul> </li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	"Coopero coas miñas habilidades"	26

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Adquirir hábitos de vida saudables (alimentación equilibrada, hidratación adecuada e actividade física regular) e convertelos en algo perdurable ao longo de toda a vida.	Aplica distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables (trae a roupa axeitada, a bolsa co material, coida o aseo persoal, atende ás explicacións...)	TI	100
CA1.7 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Recoñece e rexeita no deporte as condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, adoptando actitudes que eviten a súa reprodución.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñece os beneficios dunha vida activa para a saúde en xeral.		
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Incorpora os hábitos e as rutinas (quencemento, dosificación do esforzo, relaxación, hixiene...) para unha practica motriz saudable e responsable.		
CA2.3 - Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Adopta medidas de seguridade durante a actividade, recoñecendo técnicas básicas de primeiros auxilios, evitando riscos e actuando con precaución.		
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Realiza proxectos motores utilizando estratexias básicas de activación, volta a calma, de cooperación-oposición, anticipación, seguridade... e adopta as decisións axeitadas en situacións lúdicas.		
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Toma decisións en diferentes contextos lúdicos, tendo en conta as distintas situacións que se poden xerar, tanto en situacións a nivel individual como grupal, reflexionando sobre o resultado obtido.		
CA3.3 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Acepta a propia imaxe corporal e a dos demais mellorando o seu dominio corporal de forma eficiente e creativa en situacións motrices		
CA3.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosustentable da contorna e comunitaria.	Desenvolve prácticas motrices en diferentes medios ( natural, urbano...) con seguridade, evitando riscos e axudando a conservar o medio que nos rodea		
CA4.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Mostra unha disposición positiva cara a práctica física e o esforzo, xestionando adecuadamente as emocións que xurdan		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Respecta as normas consensuadas da clase, as regras dos xogos, actuando con deportividade, xogo limpo e evitando as actitudes discriminatorias, sexistas ou violentas.		
CA5.3 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, recoñecendo e transmitindo o seu valor cultural e o seu potencial como espazo xerador de interaccións construtivas entre persoas con orixes diferentes e entendendo as vantaxes da súa conservación.	Participa en xogos e actividades da nosa cultura e doutras, valorando a súa importancia e influencia na sociedade, e entendendo as vantaxes da súa conservación.		
CA5.5 - Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade.	Reproduce e crea diferentes coreografías sinxelas, que transmitan emocións ou ideas a través do corpo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Impacto dos alimentos ultraprocesados e das bebidas pouco saudables.</li> <li>- Educación postural en accións motrices específicas.</li> <li>- Responsabilidade persoal no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- Efectos sociais beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Aproximación aos efectos dos hábitos non saudables e influencia na práctica da actividade física.</li> <li>- Deporte profesional: dimensión social.</li> <li>- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.</li> <li>- Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Efectos psicolóxicos beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Consolidación e axuste realista do autoconceito tendo en conta a perspectiva de xénero.</li> </ul>



## Contidos

- Respecto e aceptación do propio corpo e do aspecto corporal dos demais.
- Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos.
- Actitudes consumistas respecto do equipamento. Análise crítica da adquisición de material para a práctica físico-deportiva.
- Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais.
- Actuacións básicas de primeiros auxilios ante accidentes e lesións durante a práctica da actividade física. Posición lateral de seguridade. Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer).
- Toma de decisións:
- Selección de accións en función da contorna en situacións motrices individuais.
- Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas.
- Selección de zonas de envío do móbil desde onde sexa difícil devolvelo, en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Elección adecuada das habilidades motrices en situacións de oposición de contacto.
- Desmarque e localización nun lugar desde o que constitúa un apoio para os demais en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.
- Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas e resultantes (coordinación, equilibrio e axilidade).
- Creatividade motriz: Identificación de estímulos internos ou externos que exixan un reaxuste instantáneo da acción motriz.
- Xestión emocional: autoestima, ansiedade e situacións motrices. Estratexias de afrontamento e xestión.
- Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz.
- Habilidades sociais: estratexias de traballo en equipo para a resolución construtiva de conflitos nas diversas situacións motrices.
- Concepto de fairplay ou xogo limpo.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de violencia).
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.

UD	Título da UD	Duración
3	"Que suba o pano! A desfrutar do espectáculo	22

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Craterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Adquirir hábitos de vida saudables (alimentación equilibrada, hidratación adecuada e actividade física regular) e convertelos en algo perdurable ao longo de toda a vida.	Aplica distintas medidas posturais e hixiénicas que xeren hábitos e rutinas saudables (trae a roupa axeitada, a bolsa co material, coida o aseo persoal, atende ás explicacións...)		
CA1.5 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Acepta a propia imaxe corporal e a dos demais mellorando o seu dominio corporal de forma eficiente e creativa en situacións motrices		
CA2.3 - Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Adopta medidas de seguridade durante a actividade, recoñecendo técnicas básicas de primeiros auxilios, evitando riscos e actuando con precaución.		
CA3.4 - Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade.	Reproduce e crea diferentes coreografías sinxelas, que transmitan emocións ou ideas a través do corpo.		
CA4.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñece e rexeita no deporte as condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, adoptando actitudes que eviten a súa reprodución.		
CA4.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Toma decisións en diferentes contextos lúdicos, tendo en conta as distintas situacións que se poden xerar, tanto en situacións a nivel individual como grupal, reflexionando sobre o resultado obtido.	TI	100
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respecta as normas consensuadas da clase, así como; as regras dos xogos, actuando con deportividade ( xogando limpo, aceptando as achegas dos compañeiros...)		
CA4.6 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Recoñece e rexeita no deporte as condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, adoptando actitudes que eviten a súa reprodución.		
CA5.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Realiza proxectos motores utilizando estratexias básicas de activación, volta a calma, de cooperación-oposición, anticipación, seguridade... e adopta as decisións axeitadas en situacións lúdicas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.2 - Participar en actividades de carácter motor, desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Mostra unha disposición positiva cara a práctica física e o esforzo, xestionando adecuadamente as emocións que xurdan		
CA5.3 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, recoñecendo e transmitindo o seu valor cultural e o seu potencial como espazo xerador de interaccións construtivas entre persoas con orixes diferentes e entendendo as vantaxes da súa conservación.	Participa en xogos e actividades da nosa cultura e doutras, valorando a súa importancia e influencia na sociedade, e entendendo as vantaxes da súa conservación.		
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñece os beneficios dunha vida activa para a saúde en xeral.		
CA6.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Toma decisións en diferentes contextos lúdicos, tendo en conta as distintas situacións que se poden xerar, tanto en situacións a nivel individual como grupal, reflexionando sobre o resultado obtido.		
CA6.3 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva perspectiva ecosustentable da contorna e comunitaria.	Desenvolve prácticas motrices en diferentes medios ( natural, urbano...) con seguridade, evitando riscos e axudando a conservar o medio que nos rodea		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Impacto dos alimentos ultraprocesados e das bebidas pouco saudables.</li> <li>- Educación postural en accións motrices específicas.</li> <li>- Responsabilidade persoal no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- Efectos sociais beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Aproximación aos efectos dos hábitos non saudables e influencia na práctica da actividade física.</li> </ul>

## Contidos

- Deporte profesional: dimensión social.
- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.
- Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz.
- Saúde mental:
- Efectos psicolóxicos beneficiosos do estilo de vida activo.
- Consolidación e axuste realista do autoconcepto tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Respecto e aceptación do propio corpo e do aspecto corporal dos demais.
- Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais.
- Actuacións básicas de primeiros auxilios ante accidentes e lesións durante a práctica da actividade física. Posición lateral de seguridade. Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer).
- Iniciación das habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas: aspectos principais.
- Concepto de fairplay ou xogo limpo.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os deportes e os xogos tradicionais populares e autóctonos como sinal de identidade cultural.
- Coñecemento e execución de bailes e danzas populares de Galicia, de España e do mundo.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.
- Normas de uso: a educación viaria desde a actividade física e deportiva.
- Transporte activo e sustentable: bicicletas, patíns, patinetes.
- Construción e reutilización de materiais para a práctica motriz, fomentando a sensibilización sobre a xeración de residuos.
- Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada nesta programación será:

- \* FLEXIBLE: adaptándose continuamente aos diferentes niveis de cada alumno/a.
- \* ACTIVA: fomentando alumnado autónomo e responsable das súas aprendizaxes.
- \* PARTICIPATIVA: potenciando a cooperación-colaboración entre iguais.
- \* INTEGRADORA: facilitando poder sentirse capaces coas súas propias respostas motrices e coas súas diferenzas, mellorando a autoestima.
- \* INDUCTIVA: tentando que o alumno/a poida comprender o que está a facer e cal é o obxectivo.
- \* LÚDICA: o xogo, elemento fundamental.
- \* CREATIVA: propoñendo a procura de solucións aos problemas que vaian aparecendo ao longo da aprendizaxe.

As metodoloxías activas contribuirán á adquisición das competencias clave, convertendo o xogo nun importante

recurso metodolóxico, dado o carácter global e lúdico desta área ao longo de toda a etapa. Destacando especialmente as actividades cooperativas sen rexeitar o aspecto competitivo xa que contribúen a saber gañar e saber perder.

O xogo ten o valor extra de dar ás sesións un carácter divertido e de contribuír a fomentar aprendizaxes significativas. Na organización da clase intentaremos evitar, na medida do posible, os tempos mortos e de espera, para o cal debemos contar con material suficiente ou diversificar as actividades. Cando se desenvolvan actividades que requiran esforzos, distribuiremos axeitadamente o tempo de recuperación, variando o tipo de actividade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Os métodos e estilos de ensinanza a utilizar serán variados e dependerán da actividade para desenvolver; así utilizaremos estilos máis directivos (mando directo, asignación de tarefas) en actividades que esixan unha maior intervención do profesor. Da mesma maneira avogaremos por estilos menos directivos (resolución de problemas, descubrimento guiado,...) buscando unha maior autonomía no alumnado (desenvolvemento dos traballos e posta en escena deles)/deles) Tamén se proporán situacións de ensino recíproca, xa que o feito de que un alumno/a teña que corrixir ao seu compañeiro non só axuda ao que está a executar a acción, senón que tamén, o que fai

Tamén usaremos distintas metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, partindo das súas capacidades, valorando non só o resultado senón a progresión e o proceso da actividades motriz mesma favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

No transcurso de cada UD utilizaranse diferentes agrupamentos de alumnos (gran grupo, pequeno grupo, parellas, traballo individual).

En definitiva, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe. Tamén favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía, a reflexión e á súa aplicación na vida cotiá, fóra da contorna do centro.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
A) Convencional pequeno tamaño: Convencional pequeno tamaño: cinta métrica (25 metros), 2 chifres, cronómetro, aros ( dun metro de diámetro), cordas (de diferentes tamaños), picas de madeira e de plástico de diversas medidas, conos, pelotas de plástico de diferentes cores, pelotas de goma-espuma de diversos tamaños, pelotas axeitadas para o bote, o lanzamento e a recepción, balóns de voleibol, balóns de baloncesto, balóns de fútbol e fútbol-sala, balóns de balonmán...
B) Convencional gran tamaño: porterías, canastras, 6 bancos de 2 metros, colchonetas, 2 quitamedos, espaldeiras, mintramp, pelotas grandes,...
C) Non convencional: 2 redes de badminton, raquetas e voantes, stick de hockey, bates de béisbol, zancos, ladrillos, pelotas grandes, canguros, conos de sinalización, globos, sacos, teas, panos,...
D) Non convencional de refugallo: xornais, cartóns, rodas, gomas, bolsas de plástico, botes suavizante, vasos iogur, pelotas manipulativas feitas polos propios nenos , con globos e arroz, pelotas de papel, tamén feitas polos propios alumnos, botellas de plástico recicladas, chapas (plástico/metal), pelouros, soportes de madeira...
E) Instalacións: Un ximnasio cuberto de 400 metros cadrados con 2 canastras de baloncesto, un patio cuberto, patio de 1º e 2º, pistas exteriores con canastras, porterías e postes de voleibol, zonas de terra, recursos que ofrece a nosa contorna..
F) Informático e audiovisual: proxector, pizarra dixital, ordenador, altofalantes, equipo de música, láminas...

Os diferentes materiais e recursos didácticos que utilizaremos deberán cumprir as seguintes funcións:

1. Función de apoio á aprendizaxe: os materiais favorecen a interiorización dos contidos dunha maneira eficaz e significativa dentro do proceso de adquisición de aprendizaxe.

2. Función estruturadora: axudan á hora de ordenar e estruturar toda a información que reciben.  
3. Función motivadora: todo recurso material ten que ser chamativo, fonte de interacción e favorecedora da aprendizaxe de forma agradable, divertida e pracenteira.

Os materiais e recursos utilizados na clase de E.F. deben ter certas características:

- Polivalentes, motivadores, colectivos e accesibles.
- Un medio entre a teoría impartida e a práctica deportiva.
- Favorecer a comunicación e comprensión entre o alumnado
- Un elemento auxiliar eficaz.- Posibilita a autoinstrucción.
- Sexan unha guía para as aprendizaxes.
- Permitan avaliar ao alumnado.

En función da unidade didáctica e sesión a impartir, empregaranse uns materiais e recursos diferentes. Deben estar acordados ás actividades a realizar. O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: a idade, as capacidades, a contorna, entre outras.

Tamén elaboraremos recursos con materiais de refugallo para as sesións: cartóns, papel de periódico, rodas, gomas, panos, receptáculos de plástico, soportes de madeira, peletes, chapas... e teremos en conta para a impartición da área de E.F. os recursos que nos ofrece a nosa contorna (parques, ríos, praias, bosques, camiños, piscinas, pistas de tenis e outras instalacións) e que serán empregados cando así se considere.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débenos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe, para logo tomar determinadas decisións.

En Educación Física a avaliación posúe unha serie de peculiaridades que se deben ter en conta:

- O carácter lúdico das actividades físico-deportivas.
- A estreita relación entre motricidade e desenvolvemento evolutivo.
- As condicións en que se desenvolve a área: número de alumnos, tempo dispoñible, necesidade de instrumentos ou condicións específicas e a imposibilidade de avaliar de forma masiva poden restar eficacia á avaliación.
- Compaxinar as actividades subxectivas como obxectivas.
- A ausencia dun contido estable definido e uniforme.

Hai tres momentos significativos no proceso avaliador dentro do desenvolvemento curricular que determinan as súas funcións específicas. Son a avaliación inicial-diagnóstica, a avaliación procesual-formativa; e a avaliación final sumativa.

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si unha aproximación, do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través desta avaliación inicial en educación física, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área, senón só aqueles que sexan máis relevantes para e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde se pode partir.

Existe unha gran variabilidade de aspectos a avaliar en Educación Física e de distinta natureza (expresión corporal, habilidades motrices básicas, equilibrio, coordinación, capacidades física básicas, actividades no medio natural, xogos de cooperación-oposición, respecto que lle teñen ao material, a autonomía, etc.).

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

- Datos sobre o estado de saúde do alumnado (enfermidades, alerxias...) e actividades deportivas extraescolares que practican.
- Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:
  - Estructuración espazo-temporal: Correr en zig-zag por unha sucesión de conos (ida e volta).
  - Coordinación e equilibrio: Andar por encima de bancos e bancos invertidos (estables: sobre o chan ou inestables sobre colchonetas, rodas...), manter a posición sobre un só apoio un tempo determinado (ollos pechados con brazos en cruz), botar un balón en zig-zag, conducir unha pelota cos pés, andar en zancos, saltar á corda (no sitio, en desprazamento).
  - Habilidades básicas: Lanzamento de precisión coa man (pelota) e co pé (balón de fútbol) dende unha certa distancia, salto de valados consecutivos (de pés xuntos e con axilidade).
  - Habilidades xenéricas: conducción (mans e pés) e botar un balón nun recorrido establecido (zig-zag).

- Capacidades físicas: Resistencia (6 min), Velocidade (40 m), Forza tren inferior (salto vertical con xiro lonxitudinal)
- Expresión e comunicación corporal: sobre un escenario (tatamis, quitamedos) un neno sae a bailar e os demais imítano, axustar movementos a un ritmo dado, xogos de mímica.

Cos datos recollidos nestas tarefas e actividades farase unha posterior análise e valoración, co obxectivo de ser o punto de partida co que comezar a traballar.

A diversidade é unha realidade facilmente observable, xa que cada alumno e cada alumna teñen diferentes características individuais e sociais.

En consecuencia, temos que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna. .
- 2.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- 3.º Partir da avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar o aprendizaxe significativo dos novos contidos.

Polo tanto debemos utilizar múltiples estratexias:

- 1.ª Utilizar agrupamentos flexibles dentro do aula, practicando estratexias inter e intragrúps, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.
- 2.ª Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales sexan as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente.

Utilizaremos instrumentos de avaliación variados para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación será criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas. É dicir, teremos en conta a diversidade do alumnado a hora de realizar este proceso.

Ao ser unha programación didáctica para 3º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, podendo empregar diferentes Instrumentos de Avaliación:

- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.
- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.
- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.

### 1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada

unha das UD do apartado 3.3.

## 2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestre teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres. A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

Curso 2024/2025:

1º TRIMESTRE (1 UD - 33%):

- UD. 1: 100% = equivalente a un 10 da nota do 1º trimestre.  
Nota do 1º trimestre (UD 1)= 10

2º TRIMESTRE (1 UD - 33%):

- UD, 2: 100% = equivalente a un 10 da nota do 2º trimestre.  
Nota do 2º trimestre (UD 2)= 10

3º TRIMESTRE (1 UD - 34%):

- UD. 3: 100% = equivalente a un 10 da nota 3º trimestre.  
Nota do 3º trimestre (UD 3)= 10

## 3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desenvolvemento das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.

Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Curso 2024/2025:

- 1º TRIMESTRE (1 UD): 33% equivalente a un 3,3 da nota final
- 2º TRIMESTRE (1 UD): 33% equivalente a un 3,3 da nota final
- 3º TRIMESTRE (1 UD): 34% equivalente a un 3,4 da nota final
- ORDINARIA (suma das 3 UD) 100% equivalente a 10.

## Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

Para atender as necesidades de alumnado coa materia pendente, de ser o caso, elaborárase un plan específico de recuperación e apoio no que se concretarán os mínimos a reforzar, temporalización, recursos e criterios de avaliación co obxecto de poder recuperar a materia.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. Polo tanto a programación deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais e esixe asumir diferenzas



dentro de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

#### MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que nos permitirán adaptar á diversidade do grupo.

Realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivo mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permitirá ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma,

#### ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais... A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinándonos os especialistas que impartimos docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Pódemos atoparnos con distintas situacións:

- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial.
- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia.

#### SITUACIÓN ACTUAL DO GRUPO - AULA DE 5º NIVEL DO 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

No grupo ao que está dirixida esta programación atopamos:

- 5º A con 23 (14 nenas e 9 nenos).
- 5º B con 23 alumnos/as (9 nenas e 14 nenos).

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.5 - Educación vial	X		X
ET.6 - Educación ambiental	X		X
ET.7 - Educación para a saúde	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X
ET.9 - Educación para a paz	X	X	X
ET.10 - O fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.11 - A competencia dixital.	X	X	X

**Observacións:**

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal, o seu benestar; as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiren os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns.

Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación do profesor e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo.

Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas, senón impregnado todo o labor educativo do profesorado de todos os niveis e etapas educativos.

Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Baseándonos na lei educativa actual e na concreción no Decreto de Currículo de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados anteriormente.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros deportivos	Colaboracións cos diferentes clubs da contorna co achegamento ás distintas disciplinas deportivas en función da oferta dos mesmos.	X	X	X
PDI do centro	Este ano co tema: "Que suba o pano"	X	X	X
O magosto/obradoiro xogos populares	Celebración do magosto e obradoiros de xogos tradicionais coa asociación Corredoiras e XOAN XXIII	X		
Día da Paz	Comemoración do día da Paz con cancións e xogos cooperativos.		X	
Saídas deportivas	Participación en competicións con outros centros escolares	X	X	X
Campaña de prevención da violencia e fomento da igualdade entre homes e mulleres	Campaña promovida en colaboración co CIM do concello		X	
Día Mundial do Medio Ambiente	Realizárase unha saída ao entorno natural próximo ao centro para realizar unha ruta de senderismo.			X
Saídas pola contorna	Realizaranse saídas a diversos espazos da contorna: praia, monte, vila...	X	X	X
Plan de fomento de hábitos de estilo de vida saudable	Programa co cal pretendemos dende o centro inculcar hábitos de vida activa e saudable con campañas: cero residuos, fai clic ao teu boca, actividades de xestión de residuos de consumo e competencia...	X	X	X

**Observacións:**

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1-Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,..
Metodoloxía empregada
5-Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
6-Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
4-Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
3-Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
7-Interdisciplinariade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Outros
2-Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.
8- Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais ( comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

#### Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. Ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomaremos as posibles medidas conducentes á mellora dos resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista. A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación...
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	5º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23

## 1. Introducción

Esta programación didáctica será levada a cabo con dous grupos de 23 alumnas e alumnos que cursan 5º de Educación Primaria.

A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

Neste centro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións e/ou países do alumnado inmigrante, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social.

A transversalidade caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa.

A súa finalidade principal na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.
- Mellorar a Competencia Plurilingüe, xa que é unha área que se imparte en lingua inglesa.

Cada unha das 4 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle ó alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica e audiovisual, así como con outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

Cada Unidade Didáctica estará divida en varios bloques:

- Educación plástica e visual: percepción e análise.
- Educación plástica e visual: creación e interpretación.
- Educación audiovisual: percepción e análise.
- Educación audiovisual: creación e interpretación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias



<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

**Descrición:**

Estes Obxectivos están relacionados coas competencias clave e intentan desenvolverse de xeito transversal e ao longo de todo o curso. Tamén se adaptarán estes obxectivos e se incluírán, na medida do posible e de acordo coa dispoñibilidade horaria, actividades propias do Proxecto de Centro deste curso "O Teatro" e do Proxecto de Innovación Educativa "A Romaría".

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Autumn	Esta UD inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual. As conmemoracións de Halloween e Christmas cobrarán especial relevancia.	16	7	X		
2	Winter	Esta UD2 prosegue o traballo da UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos e audiovisuais relacionados coas liñas. O Día da Paz, o Entroido, St Patrick's day e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	17	6		X	
3	Spring	A UD3 desenvolve os elementos dos contidos das UD1 e UD2, mais, o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados e aplicarlos nos deseños e composicións.	17	5			X
4	Painters	Esta UD inicia o alumnado na obra de algúns pintores. O traballo en grupo e grande grupo será predominante, procurando unha participación activa.	50	17	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Autumn	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica os recursos e materiais utilizados para elaborar unha obra.		
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicados sobre diferentes soportes.	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Analiza e compara as texturas naturais, artificiais, visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Deseña un instrumento musical empregando as formas xeométricas aprendidas. Participa nas actividades propostas con interese e colaboración.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Combina e analiza as cores para utilizalas correctamente nas composicións individuais e grupais.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distingue o tema ou xénero de obras plásticas.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Coñece a evolución da fotografía dende o branco/negro á cor, formato papel ao dixital e valora as posibilidades que ofrece a tecnoloxía.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Organiza e planifica o seu proceso creativo desenvolvéndoo en esbozos e elixindo os que mellor se axeiten aos seus propósitos na obra final.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Recoñece o significado do consentimento da difusión de imaxes, respectando as decisións doutras persoas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos e analizando o encadre máis axeitado.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o contexto cultural, artístico e sobre a pescuda de material para a elaboración de traballos grupais.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Participa nas actividades propostas con interese e colaboración.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais</li> <li>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.</li> <li>- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.</li> <li>- Estratexias de procura, filtrado e valoración.</li> <li>- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.</li> <li>- Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos.</li> <li>- Características da linguaxe audiovisual multimodal.</li> <li>- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Winter	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e identifica as características das imaxes fixas e en movemento.	TI	100
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Analiza imaxes fixas e en movemento, empregando terminoloxía axeitada, atendendo ao tamaño, cor, función, formato e iluminación.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e organización do material.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza imaxes humanas, animais e casas partindo dun bosquexo. Realiza debuxos relacionados coas profesións utilizando os coñecementos aprendidos.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Representa formas xeométricas con precisión, coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Realiza composicións que transmiten emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece, interpreta e analiza a información que ofrecen as imaxes fixas e en movemento e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas empregando o vocabulario axeitado.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Utiliza o trazado de rectas paralelas.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Emprega as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicados sobre diferentes soportes		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC, e amosa interese polo uso destas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Procura imaxes en soporte dixital para organizalas e transformalas en planos e mapas simples.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Coñece e utiliza recursos tecnolóxicos para obter información sobre a búsqueda dun cartel grupal e elabora o seu propio anuncio.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora o uso das TIC para documentarse.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.</li> </ul>

## Contidos

- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
3	Spring	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Interpreta e comenta, de forma oral e escrita, o uso da liña horizontal nunha obra artística concreta.		
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Traza formas xeométricas con precisión coa axuda das ferramentas básicas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Expresa con respecto as sensacións e as apreciacións persoais sobre as obras plásticas dunha persoa autora ou criterio artístico.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Traza ángulos de 90, 30 e 60 graos utilizando as ferramentas básicas.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa nunha creación grupal baseada na representación do eixe de simetría para creacións orixinais, integrándoos de diferentes maneiras con finalidade estética.	TI	100
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Presenta os traballos con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade en composicións e creacións realizadas co ordenador.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Utiliza con respecto as TIC para coñecer expresións artísticas e culturais.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Emprega as novas tecnoloxías para iniciarse no deseño dixital, tratamento de imaxes ou na animación.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Emprega as ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón e transportador).		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Coñece, utiliza e valora os recursos tecnolóxicos básicos para a elaboración das propias creacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Afondamento no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais.</li> <li>- Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área.</li> <li>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.</li> <li>- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Estratexias de procura, filtrado e valoración.</li> </ul>

**Contidos**

- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
4	Painters	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico destas.	Coñece, lembra e describe, de forma oral e escrita e empregando un vocabulario axeitado, os datos máis relevantes da obra dos autores traballados.	TI	100
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Coñece e identifica as características fundamentais do estilo traballado na aula (Pop Art, arte abstracto...)		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora a obra e os procesos creativos dos autores.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as producións artísticas nas súas diferentes variedades.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Observa, analiza e reproduce plasticamente as partes fundamentais do rostro humano. Reproduce trazos e temas baseándose na obra dos artistas.		
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa positivamente na realización dun mural grupal.		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expresa e comunica, con autonomía e iniciativa, emocións e vivencias a través das súas propias creacións.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Mantén limpos e coidados os materiais de pintura e modelado (ceras, pinceis, mesas...).		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas.	Experimenta de forma oral e escrita as propias ideas e emocións suxeridas pola observación da obra artística.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Experimenta coas gamas cromáticas para imitar as cores dos artistas e estilos traballados		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Identifica, clasifica e realiza os distintos movementos no plano (translacións, eixes simétricos, xiros e simetrías centrais) co ordenador.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, mostrando unha actitude positiva.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Crea obras con patróns repetitivos seguindo as características das obras traballadas		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Realiza e colorea co ordenador unha obra abstracta.		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Debuxa, completa e colorea co ordenador e a pantalla dixital obras dos artistas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de culturas e propostas artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.</li> <li>- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.</li> <li>- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, polo menos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que achegue unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.

- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador
Altofalantes
Pinceis e acuarelas
Ceras, rotuladores, lápiz de cores ...
Papeis de cores, cartolinas, papel de seda...
Estoxo con lápiz, pegamento e tesoiras
Pasta de modelaxe
Regra, escuadro e cartabón
Follas secas
Material de refugallo
Outros materiais específicos proporcionados polo centro para traballos e proxectos especiais

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula do alumnado. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades. Tamén se utilizará, dependendo da tipoloxía da actividade, a biblioteca, a aula externa de plástica e algunha actividade ao aire libre.

A aula do alumnado conta cun ordenador conectado á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para facer a avaliación inicial, revisaránse os informes individualizados do alumnado e recollerase e ampliarase a información por parte das persoas titoras do curso anterior.

Realizarase unha proba durante as primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permita establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	17	50	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas listas de control/escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 50% + UD4 50%
- 2º trim.: UD2 50% + UD4 50%
- 3º trim.: UD3 50% + UD4 50%

O 100% da nota da avaliación final obterase facendo a media da nota dos boletíns de cada un dos trimestres.

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fose un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- Se o decimal estivera entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- Se o decimal estivera entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

### **Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre.

Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final. Téñase en conta que, por un lado, na UD3 recóllense todos os CA das UD1 e UD2 e, por outro lado, a UD4 trabállase en todos os trimestres, polo que os CA non acadados anteriormente pódense dar por acadados no 3º trimestre.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

Se fose preciso, e coa colaboración do Departamento de Orientación, farase reforzo educativo ou adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua: Establecerase Reforzo Educativo e traballarase na comunicación facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X



	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

**Observacións:**

Os elementos transversais, aquí numerados, 1 - 6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitar unha galería de arte	Visita guiada a unha galería de arte para que coñezan diferentes manifestacións artísticas e motivarse hacia a materia.	X		
Decorar os corredores trimestralmente	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...	X	X	X
Exposición no mural de Plurilingüe	Exposición dos traballos realizados para as diferentes festividades inglesas.	X	X	X
Desfile de Entroido	Participación con todo o centro educativo no desfile e festa de Entroido.		X	
Festival Art for Change	Elaboración de obxectos de artesanía e xogos e venta no festival organizado polo IES Johan Carballeira.			X

**Observacións:**

As actividades complementarias propostas realizaranse no trimestre ou trimestres indicados salvo que por problemas de dispoñibilidade teñan que ser pospostos para outra data, especialmente as actividades a realizar fóra do centro educativo.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Metodoloxía empregada
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Medidas de atención á diversidade
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

**Descrición:**

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro. A Información recollerase nas actas de ciclo.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen aquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Periodicamente revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións do equipo docente da coordinación de ciclo e do Equipo Plurilingüe.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

Esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	5º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

## 1. Introducción

Esta programación didáctica da área de Lingua Castelá está deseñada para ser aplicada nun centro público de educación infantil e primaria dunha zona costeira.

O noso centro educativo conta con 17 unidades, sendo 5 de educación infantil e 12 de educación primaria.

O alumnado para o que se elaborou a programación atópase escolarizado en quinto de educación primaria, polo que a súa idade oscila entre os 10 ou 11 anos. Neste sentido, desde un punto de vista de atención á diversidade, hai que destacar que tamén se recollen nesta programación medidas de atención á diversidade para aquel alumnado que poida presentar necesidades específicas de apoio educativo.

A materia de Lingua Castelá conta con 6 bloques de contidos, como son o número 1, "Alingua e os seus falantes"; o bloque número 2, "Comunicación oral"; o bloque número 3, "Comunicación escrita"; o bloque número 4, "Alfabetización mediática e informacional"; o bloque número 5 "Educación literaria" e o bloque número 6 "Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais".

Así mesmo, tomando como base as características da contorna e demais áreas, tamén se traballará de forma interdisciplinar, relacionando e tomando consciencia da necesaria utilización doutras materias para a aplicación de calquera procedemento ou estudo na vida cotiá.

Desta maneira, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas cos coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no apartado 3.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		



**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	BENVIDOS/AS A 5º!	O dicionario. Os textos literarios. Os elementos da comunicación. Sílabas átonas e tónicas. Clasificación segundo a posición da sílaba tónica. Narrar experiencias a través do diario. Sinónimos e antónimos, prosa e verso. A linguaxe e as linguas. As regras de acentuación. O resumo.	16	22	X		
2	E AS INSTRUCIÓNS?	Polisemia e homonimia. As figuras literarias. A hipérbole e a personificación. A comparación e a metáfora. O substantivo e as súas clases. Xénero e número. Os determinantes, os artigos e os posesivos. Ditongos, tritongos, e hiatos. Os signos de puntuación, exclamación, interrogación, dou puntos e puntos suspensivos. O debate. As instrucións.	15	22	X		
3	CONTOS NO COLE	Onomatopeas. Elementos da narración. Refrán e frases feitas. Demostrativos, numerais e indefinidos. Os pronomes persoais. A coma e o punto e coma. O guión e a raia. O conto e a descrición.	19	26		X	
4	NOVAS FRESCAS	Palabras compostas. Subxéneros narrativos. O adxectivo e as súas clase. Contos e novelas. O verbo e a súa estrutura. A g e a j. A r e a rr. A nova e as indicación para chegar a un lugar.	19	27		X	
5	POETISAS E POETAS	Sufixos apreciativos. A poesía. Os xentilicios. As conxuncións. Formas persoais do verbo. Formas verbais. Os verbos irregulares. O adxectivo, preposicións e conxuncións. A h, a b e a v.	15	21			X
6	XA CHEIRA A VERÁN	Os prestamos lingüísticos. Familia de palabras e campo semántico. O teatro, a súa estrutura e a representación. O sintagma nominal e verbal. Enunciado, oración e texto. Cartas ao director. O grupo -cc-, a ll e a y.	16	22			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	BENVIDOS/AS A 5º!	22

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identifica palabras clave en textos breves.	PE	30
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Escribe un breve texto con forma de diario, empregando as regras de acentuación traballadas.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Rexistra un número de lecturas suficiente respecto das marcadas a comezo de curso.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Reelabora cun vocabulario adecuado textos instrutivos lidos previamente .	TI	70
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Amosa a mesma consideración polas compañeiras e os compañeiros con lingua materna diferente.		
CA1.2 - Detectar, de xeito guiado, con autonomía crecente e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo como unha fonte de riqueza cultural.	Usa unha linguaxe respectuosa e inclusiva nas conversas co resto de persoas.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Recoñece na conversa o castelán, o galego e o inglés.		
CA1.4 - Rexeitir os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Participa nos debates con corrección e respecto polas opinións das demais persoas.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Trata con consideración a compañeiras e compañeiros con lingua ou cultura familiar diferente.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Resume unha comunicación oral breve.		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, prequestionar e un vocabulario adaptado ao nivel.	Respecta as quendas nas conversas en grupo.		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Expresa as súas ideas con claridade e cun vocabulario axeitado en situacións propostas na clase.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Intervén activamente en conversas de grupo reducido escoitando outras intervencións e manifestando a súa propia opinión.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Expresa con claridade e cun vocabulario axeitado vivencias recentes.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica unha linguaxe discriminatoria nun texto escrito.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica no mundo da publicidade gráfica situacións de discriminación.		
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos	TI	75
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas e iniciar e terminar a comunicación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas		
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Técnicas de aprendizaxe.</li> <li>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.</li> <li>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.</li> <li>- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.</li> <li>- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información,</li> </ul>

**Contidos**

- culturas e modos de vida diferentes.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Summer holidays	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves adecuados ás intencións comunicativas usando con axuda recursos físicos ou dixitais	PE	25
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	TI	75
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás a través de diversos soportes apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado		
CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.</li> <li>- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.</li> <li>- Léxico e expresións básicas e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.</li> <li>- Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación de dereitos de autoría.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> <li>- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> <li>- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.</li> <li>- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.</li> <li>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> <li>- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.</li> <li>- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de</li> </ul>

## Contidos

- diferentes medios.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos....
- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.
- Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo.
- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina
- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas (encher cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta - resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos coma Adiviña quen é?; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias;etc.). Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales coma xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.
- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e tamén o uso da radio escolar para emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes, realizar podcasts de duración curta, anuncios en vídeo sobre eventos a realizar no propio centro ou a contorna, e actividades similares. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.
- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.
- Utilizar fragmentos audiovisuais de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.
- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.
- Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.
- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.
- Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais para facerse entender o mestre/a cos nenos e



nenas, e deste xeito practicar e aprender eles mesmos estas estratexias fronte á tradución.

-Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

-Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Plataforma EVA
Caderno do alumno/a
Páxinas web con recursos, xogos e fichas interactivas
Fichas en papel, flashcards e xogos manipulativos.
Páxinas web de xogos on line
Historias e contos publicados na rede e libros da biblioteca
Posters e murais
Encerado dixital interactivo Smartboard
Cancións e rimas
Videos e audios
Ferramentas dixitais de elaboración de materias

1- Plataforma EVA: neste curso traballamos coa Plataforma EVA dentro do Programa EDIXGAL polo que cada alumno/a disporá dun netbook para o seu uso tanto na aula coma na casa-.

2- Tamén traballarán no caderno que lles servirá de referencia para facer anotacións de vocabulario, expresións, contidos gramaticais e algún exercicio escrito.

3 - Fichas interactivas e/ou impresas para realizar determinadas actividades.

Liveworksheets: <https://www.liveworksheets.com/worksheets/en>

4- Na aula tamén empregamos algunha ficha impresa e flashcards de vocabulario, para determinar a data e o tempo atmosférico diario e tarxetas de xogos físicos

5 - Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>

Games to learn English <https://wordwall.net/es-us/community/games>

Agenda web: <https://agendaweb.org/>

Educa play: <https://es.educaplay.com/>

6- Historias e contos publicados na rede:

Happy learning: <https://my.happylearning.tv/es/login>

Cool Facts. Things you wanna know en youtube

Tamén dispoñemos dunha ampla selección de lecturas na biblioteca escolar do centro na sección de inglés e traemos lotes para o recuncho de lectura da aula. Ademais contamos cunha subscripción ás revistas : I love English.e I love English kids.

7- Posters e murais dispostos pola aula que serven de apoio visual e outros que confeccionamos co alumnado ao longo do curso.

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9- Vídeos de plataformas coma YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

10- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais

Genially: <https://genial.ly/why-genially>

Canva: [https://www.canva.com/es\\_419/](https://www.canva.com/es_419/)

Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

Speak and play: <https://speak-and-play-english.com/>

11 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase ao principio do curso unha avaliación de diagnose para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión verbal e calquer outro aspecto que os permita valorar o punto de partida de cada neno/a.

Neste proceso podense recoller evidencias con pequenas probas ou a través da observación directa por parte do profesorado rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

Tamén se revisarán os informes sobre o grao de adquisición das competencias clave do alumnado en cursos anteriores, tendo en conta as medidas de reforzo programadas e previstas para o curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	20	25	25	25	25	25	<b>24</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	80	75	75	75	75	75	<b>76</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Terase en conta para avaliar a actitude do alumnado, as tarefas realizadas no caderno, as fichas de traballo, os proxectos e as probas escritas, orais (speaking), de lectura (Reading-comprehension) e de audición (listening).

Empregaranse distintas rúbricas para avaliar as unidades didácticas e cada unha terá un peso específico na avaliación. e tamén procedementos e evidencias como a observación sistemática, posta en común, presentacións, gravacións en audio e video, representacións tipo role play, teatrais, análise de portfolios e outros.

Utilizaranse instrumentos: como táboas de indicadores, que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar, e probas escritas tales coma exames, tests, murais e presentacións elaboradas polo alumnado nos que se use a lingua escrita

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma é progresiva polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe en consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e de decidir a cualificación para cada alumno/a.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

### **Criterios de recuperación:**

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo dos temas ou destrezas nas que presenta as dificultades tales como: explicacións individuais, fichas ou pequenos proxectos sinxelos para reforzar un aspecto concreto do currículo.

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Algunhas propostas para atender ao alumnado que teñamos no grupo, según as características que presenten, poderían ser:

\* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.

- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

\* Nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe:

- Incluílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

\* Nenos e nenas con trastornos de conduta: buscar a coordinación co equipo de profesorado e a orientadora do centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

Favorecerase a flexibilización e o emprego de alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación, especialmente co alumnado que presente dificultades na comprensión e expresión.

As actividades deben ser flexibles para que todos poidan participar e facilitar así o seu progreso, prestándolles apoio

cando así o requiran. Contamos sempre con actividades de reforzo para os alumnos/as que se estanquen (slow learners) e de ampliación para os máis avanzados (fast learners).

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz,		X	X		X	
ET.2 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde.					X	X

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións da escola	Samaín, magosto, nadal, paz, entroido, maíos, 8-M, dereitos da infancia, libro, ....	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa lingua estranxeira	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....	X	X	X
Hora de ler	O profesorado de inglés e CLIL leva a cabo a hora de ler en inglés.	X	X	
Saídas escolares	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.			X

#### Observacións:

Levarase a cabo calquera outra actividade que xurda ao longo do curso e o profesorado de linguas estranxeiras considere de interese para o alumnado.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Seguironse os puntos establecidos na programación
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.

Traballáronse todos os contidos contemplados na programación
Metodoloxía empregada
Levaronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixido ao alumnado que presentou dificultades de aprendizaxe
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Medidas de atención á diversidade
Aplicáronse as medidas de atención á diversidade ao alumnado que o precisou
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
As coordinacións coas titoras/es e co profesorado que imparte no mesmo nivel foron frecuentes
Existiu coordinación entre o profesorado de LE e o de CLIL.

#### **Descrición:**

Con estes indicadores valoraremos aspectos como: a dificultade e duración das actividades, a motivación do alumnado, a temporización das unidades, coordinación entre o profesorado, as medidas de atención á diversidade... O procedemento para a recollida de información fázase na reunión plurilingüe e na memoria anual de finais de curso.,

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

A finais de curso, o profesorado de lingua estranxeira fará unha valoración dos resultados académicos do alumnado e terao en conta á hora de establecer propostas de mellora cara o seguinte curso. Tamén se consideraran os resultados da avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe e da práctica docente.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	5º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	26

## 1. Introducción

Esta programación didáctica da área de Lingua Galega está deseñada para ser aplicada nun centro público de educación infantil e primaria dunha zona costeira.

O noso centro educativo conta con 17 unidades, sendo 5 de educación infantil e 12 de educación primaria.

O alumnado para o que se elaborou a programación atópase escolarizado en quinto de educación primaria, polo que a súa idade oscila entre os 9 ou 10 anos. Neste sentido, desde un punto de vista de atención á diversidade, hai que destacar que tamén se recollen nesta programación medidas de atención á diversidade para aquel alumnado que poida presentar necesidades específicas de apoio educativo.

A materia de Lingua Galega conta con 6 bloques de contidos, como son o número 1, "Alingua e os seus falantes"; o bloque número 2, "Comunicación oral"; o bloque número 3, "Comunicación escrita"; o bloque número 4, "Alfabetización mediática e informacional"; o bloque número 5 "Educación literaria" ou o bloque número 6 "Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais".

Así mesmo, tomando como base as características da contorna e demais áreas, tamén se traballará de forma interdisciplinar, relacionando e tomando consciencia da necesaria utilización doutras materias para a aplicación de calquera procedemento ou estudo na vida cotiá.

Desta maneira, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas cos coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no apartado 3.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	



<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	E TI COMO ES?	O dicionario. A entrada ou lema, acepcións e significados. O alfabeto, letras e palabras. Sinónimos e antónimos. Textos literarios e non literarios. A poesía (Tipos de rima, Cantigas Medievais). A comunicación. Linguaxe e lingua. A frase e a oración. A sílaba (sílabas átonas e tónicas). Agudas, graves e esdrúxulas. As regras xerais de acentuación. Expresión oral: Presentarse e presentar aos demais. Expresión escrita: describir persoas.	16	22	X		
2	NON ME VEÑAS CON ESE CONTO	Palabras homónimas. Palabras monosémicas e polisémicas. A narración. O conto. Os precursores do Rexurdimento. O Rexurdimento. O substantivo. Ditongo e hiato. O acento diacrítico. Expresión escrita: O conto. Expresión oral: Recitar poesía.	15	22	X		
3	UMM QUE RICO!	Palabras primitivas e derivadas. Os prefixos e os sufixos. O ensaio. As Irmandades da fala. Os determinantes. Artigo determinado e indeterminado. O adverbio. As preposicións. As contraccións. Os signos de puntuación: punto, coma, punto e coma, dous puntos e puntos suspensivos. Expresión escrita: Escribir unha receita. Expresión oral: Pedir e dar información.	19	26		X	
4	ABRE O PANO	Palabras simples e compostas. Familia de palabras e campo semántico. O teatro. A Xeración Nós. Autores de posguerra e do exilio. Os determinantes: Demostrativos, posesivos, indefinidos e numerais. Palabras con b, v e h. Expresión escrita: facer unha entrada de blog. Expresión oral: pequena representación teatral.	19	27		X	
5	COMO É A TÚA CASA?	O adxectivo. Nova Narrativa Galega. Figuras literarias: a metáfora e a comparación. O pronome persoal. Palabras con x, s, cc e ct. Expresión escrita: describir un lugar. Expresión oral: Contar experiencias.	15	21			X
6	A CONXUGAR!	O xentilicio. O verbo. A frase e a oración. A oración: suxeito e predicado. Literatura do Século XX á actualidade. A banda deseñada. As lendas. Palabras con i, ll, -za, -zo, -cio e -cia. Expresión escrita: O cartel informativo. Expresión oral: o debate.	16	22			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	E TI COMO ES?	22

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Clasifica diferentes textos en función do contido e da presenza ou non de elementos paratextuais.	PE	30
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Escribe un texto breve descritivo de forma comprensiva.		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece algún recurso literario.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos breves de 100/150 palabras con corrección na concordancia e na acentuación.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Amosa a mesma consideración polas compañeiras e os compañeiros con lingua materna diferente.	TI	70
CA1.2 - Detectar, de xeito guiado e con autonomía crecente en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	Usa unha linguaxe respectuosa e inclusiva nas conversas co resto de persoas.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Recoñece na conversa o galego, o castelán e o inglés.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Participa nas interaccións orais con corrección e respecto polas opinións das demais persoas.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas e coa perspectiva de xénero.	Trata con consideración a compañeiras e compañeiros con lingua ou cultura familiar diferente.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Trata con consideración a compañeiras e compañeiros con lingua ou cultura familiar diferente.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica unha linguaxe discriminatoria nun texto escrito.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica no mundo da publicidade gráfica situacións de discriminación.		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Reelabora de forma máis comprensiva textos propostos axudándose do dicionario físico ou dixital.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica.</li> <li>- Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma.</li> <li>- Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia.</li> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes.</li> <li>- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística.</li> <li>- Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal.</li> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral.</li> </ul>

## Contidos

- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Procesos: produción oral
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Xéneros discursivos
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario , así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Espazar actividades e reforzar os apoios visuais.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

En todo caso intentarase:

- Adaptar a aprendizaxe ás características individuais e sociais de cada alumno/a.

- Adoptar unha metodoloxía que propicie á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.

- Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar novas aprendizaxes.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Emprendemento		X	X	X	X	
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X			X	
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)			X		X	
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

A área de Lingua Galega e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao Festival Internacional de Cinema.	Participación do alumnado no Festival Internacional de Curtametraxes que se celebra en Bueu.	X		
Participación nos apadriñamentos lectores interciclos, organizado dende a biblioteca do centro.	O alumnado realizará lecturas a outros alumnos e alumnas de cursos inferiores, seleccionando as lecturas, interpretándoas e adaptando o contido á idade do alumnado.	X		
Actividades de creación literaria organizadas dende a biblioteca do centro.	O alumnado elaborará un conto de medo ou misterio relacionado co Samaín.	X		
Actividades de biblioteca.	Contacontos e actividades de animación á lectura.		X	
Obradoiros de alfombras florais.	Actividades relacionadas coa cultura e a tradición.		X	
Actividades promovidas polo Departamento de Normalización e Dinamización Lingüística.	Obras de teatro, cancións, unidades didácticas e o programa de radio escolar.			X
Imos de Romaría	Proxecto de innovación lingüística (Plan Proxecta).			X

### Observacións:

A participación do alumnado nas actividades complementarias propostas contribúe na consecución dos obxectivos propostos na área para o quinto curso.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Grao mínimo de participación do alumnado nas actividades voluntarias (50%).
Metodoloxía empregada
Integración nas actividades grupais da totalidade do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía coa mestra ou mestre.
Medidas de atención á diversidade
Avaliación positiva do alumnado nunha porcentaxe superior ao 85%.
Clima de traballo na aula
Grao de motivación continuada do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre as dúas mestras e mestre do nivel.

#### Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o currículo LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado. Isto require unha perfecta coordinación entre o equipo docente do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

- Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.
  - Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas. Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:
  - Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
  - Grao de adquisición de competencias na área.
  - Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
  - Deseño claro de criterio de avaliación que perfíle con claridade os mínimos esixidos.
  - Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
  - Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
  - Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.
  - Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.
  - Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.
- Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.

Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	5º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	36
4.2. Materiais e recursos didácticos	37
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	38
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	38
6. Medidas de atención á diversidade	39
7.1. Concreción dos elementos transversais	40
7.2. Actividades complementarias	41
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	41
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	42
9. Outros apartados	42

## 1. Introducción

Esta programación didáctica da área de Matemáticas está deseñada para ser aplicada nun centro público de educación infantil e primaria dunha zona costeira.

O noso centro educativo conta con 17 unidades, sendo 5 de educación infantil e 12 de educación primaria.

A programación está dirixida ao 5º curso de Educación Primaria que este curso está formado por 46 alumnos e alumnas.

O alumnado para o que se elaborou a programación atópase escolarizado en quinto de educación primaria, polo que a súa idade oscila entre os 10 e 11 anos. Neste sentido, desde un punto de vista de atención á diversidade, hai que destacar que tamén se recollen nesta programación medidas de atención á diversidade para aquel alumnado que poida presentar necesidades específicas de apoio educativo.

A materia de Matemáticas conta con 6 bloques de contidos : o bloque 1, " Sentido numérico"; o bloque número 2, "Sentido da medida"; o bloque número 3, "Sentido espacial"; o bloque número 4, "Sentido alxébrico e pensamento computacional"; o bloque 5 "Sentido estocástico" e o bloque 6 "Sentido socioemocional".

Así mesmo, tomando como base as características da contorna e demais áreas, tamén se traballará de forma interdisciplinar, relacionando e tomando consciencia da necesaria utilización doutras materias para a aplicación de calquera procedemento ou estudo na vida cotiá.

Desta maneira, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas cos coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no apartado 3.

O currículo vixente na área de matemáticas determina unha liña de traballo baseada na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación que será respectada e concretada nesta programación.

É unha programación inclusiva que favorece a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		3	
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática apropiadas, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas	1-3		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	LOS NÚMEROS NATURALES	¿ O uso dos números naturais: sistema de numeración decimal ¿ Definición e uso dos números naturais. ¿ Comparación e ordenación de	16	22	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	LOS NÚMEROS NATURALES	números naturais. ¿ Aproximación e redondeo. ¿ Sistema de numeración romano. ¿ Suma e resta de números naturais. Propiedades. ¿ Multiplicación de números naturais. Propiedades. ¿ Múltiplos dun número ¿ División de números naturais. Repartos exactos e repartos inexactos ¿ Os divisores dun número. ¿ Xerarquía nas operacións de números naturais. Operacións con parénteses	16	22	X		
2	NÚMEROS DECIMALES Y FRACCIONES	¿ Definición e uso dos números decimais. ¿ Comparación e ordenación de números decimais. ¿ Aproximación de números decimais. Redondear un número. ¿ Suma e resta de números decimais. Propiedades. ¿ Multiplicación de números decimais. Propiedades. ¿ División con decimais. Dividendo decimal. Divisor decimal. Dividendo e divisor decimais. ¿ Definición e uso das fraccións. ¿ Fraccións decimais: paso de decimal a fracción, paso de fracción a decimal. ¿ Fraccións equivalentes: que son e como se obteñen. ¿ Multiplicación de fraccións. ¿ Fracción dunha cantidade. ¿ Comparación de fraccións: fraccións propias e impropias. Comparación de fraccións. ¿ Porcentaxes. ¿ Suma e resta de fraccións co mesmo e co mesmo numerador.	15	22	X		
3	LONGITUD, CAPACIDAD Y MASA	¿ Lonxitude: definición, uso e unidades de medida. ¿ Cambios de unidade: múltiplos e submúltiplos. ¿ Expresións complexas e incomplexas. ¿ Operacións con medidas de lonxitude. Propiedades. ¿ Capacidade: definición, uso e unidades de medida. ¿ Masa: definición, uso e unidades de medida.	19	26		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	LONGITUD, CAPACIDAD Y MASA	<ul style="list-style-type: none"> <li>¿ Cambios de unidade: transformar unidades de capacidade en unidades de masa.</li> <li>¿ Expresións complexas e incomplexas. Táboa de unidades.</li> <li>¿ Operacións con medidas de capacidade e masa. Propiedades.</li> </ul>	19	26		X	
4	TIEMPO Y SUPERFICIE	<ul style="list-style-type: none"> <li>¿ Tempo: definición e uso.</li> <li>¿ Unidades de medida: tempo histórico, horas, minutos e segundos.</li> <li>¿ Expresións complexas e incomplexas.</li> <li>¿ Operacións con medidas de tempo. Propiedades.</li> <li>¿ Reloxo dixital, reloxo analóxico.</li> <li>¿ Superficie: definición, uso e unidades de medida.</li> <li>¿ Cambios da unidade. Transformar unidades de superficie.</li> <li>¿ Área dos paralelogramos. Áreas: cadrado, rectángulo, romboide, rombo</li> <li>¿ Área dos triángulos.</li> </ul>	19	27		X	
5	FIGURAS PLANAS Y ÁNGULOS	<ul style="list-style-type: none"> <li>¿ Ángulos: definición e uso.</li> <li>¿ Medida de ángulos. Como se usa un transportador.</li> <li>¿ Clases de ángulos. Tipos de ángulos segundo a súa amplitude. Tipos de ángulos segundo a súa posición.</li> <li>¿ Ángulos complementarios e suplementarios. Suma de ángulos, resta de ángulos, tipos de ángulos segundo a súa suma.</li> <li>¿ Os polígonos. Elementos e clasificación</li> <li>¿ Os triángulos. Clasificación</li> <li>¿ Os cuadriláteros. Paralelogramos e non paralelogramos</li> <li>¿ A circunferencia e o círculo.</li> <li>¿ Figuras con eixe de simetría: eixe de simetría nos triángulos, os polígonos regulares e as circunferencias</li> </ul>	15	21			X
6	ORIENTACIONES Y REPRESENTACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> <li>¿ Escalas: que é unha escala, de distancias no plano a distancias reais, de distancias reais a distancias no plano.</li> <li>¿ A cuadrícula do plano: os eixes de coordenadas, situar un punto no plano.</li> <li>¿ Posición no plano: as posicións e as vistas.</li> <li>¿ Simetrías e xiros no plano. Suma e resta de xiros no plano.</li> <li>¿ Posición no espazo. Como</li> </ul>	16	22			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	ORIENTACIONES Y REPRESENTACIÓN	<p>percibimos un obxecto no espazo en relación a nós.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>¿ Translacións no plano e no espazo.</li> <li>¿ O azar. Tipos de experimentos. Sucesos.</li> <li>¿ Táboa de frecuencias. Frecuencia absoluta e frecuencia relativa.</li> <li>¿ Diagrama de barras. Polígono de frecuencias.</li> <li>¿ Diagrama de sectores.</li> <li>¿ A media e a moda.</li> <li>¿ O rango.</li> </ul>	16	22			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	LOS NÚMEROS NATURALES	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Seleccionar entre as diferentes estratexias para resolver problemas cos números enteiros, xustificando a súa elección.	PE	25
CA2.2 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema relacionado coas unidades de medidas do sistema métrico decimal, con verificación dos resultados e comprobación de se son posibles ou non.		
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	Obter posibles solucións dun problema, que impliquen a realización de medicións (lonxitude, masa, capacidade e superficie) no contexto escolar seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.		
CA2.6 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Utilizar as conexións entre as matemáticas, as ciencias, a ética, os ODS e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos relacionados coas unidades convencionais do Sistema Métrico Decimal (lonxitude, masa, capacidade e superficie) .		
CA2.7 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer e comprender os símbolos e termos matemáticos, relacionados coa medida do tempo, ángulos e temperatura, na vida cotiá empregando o vocabulario adecuado para comunicar a mensaxe.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	Obter posibles solucións dun problema de números decimais, seguindo algunha estratexia coñecida, tal como a representación gráfica, descomposición do número ou calquera outra.		
CA6.6 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios no campo das fraccións.		
CA6.7 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos relacionados con números decimais, tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA1.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Formular conxecturas matemáticas sinxelas ao investigar patróns, propiedades e relacións, vinculadas coas operacións con números enteiros.		
CA1.9 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Explicar os procesos e as ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución, ou os resultados obtidos nos problemas de fraccións, utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.		
CA2.1 - Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Participar no reparto de tarefas, respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo.		
CA2.4 - Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema relacionado coas unidades de medida convencionais de tempo, ángulos e temperatura e a súa coherencia no contexto exposto.	TI	75
CA2.5 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos relacionados coas unidades convencionais do Sistema Métrico Decimal (lonxitude, masa, capacidade e superficie) con axuda dos gráficos e da propia experiencia.		
CA2.8 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Expresar os nosos resultados de forma clara e precisa utilizando termos matemáticos axeitados empregando unidades de medida correctas.		
CA4.1 - Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a		

<b>Craterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Desenvolver habilidades de pensamento crítico e de investigación, analizando a aplicación de patróns, as solucións das operacións realizadas cos números enteiros.		
CA6.1 - Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo a autoconfianza.		
CA6.2 - Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos relacionados coas unidades convencionais do Sistema Métrico Decimal (lonxitude, masa, capacidade e superficie), tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo activa e respectuosamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		
CA6.4 - Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Explicar os procesos e as ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos, dun problema con números enteiros, utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.		
CA6.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Analizar conxecturas matemáticas sinxelas relacionadas coas figuras planas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.		
CA6.8 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos, nos problemas cos números decimais, utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contaxe</li> <li>- Estratexias para contar e recontar istematicamente e a súa adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 999.999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.</li> <li>- Realización de series ascendentes e descendentes como elemento facilitador do cálculo mental e aceptación do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Cantidade</li> <li>- Lectura, escritura, ordenación e representación con materiais manipulativos e a recta numérica de números</li> </ul>



## Contidos

- naturais ata o 999.999 e decimais ata as centésimas.
- Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de números enteiros en textos e contextos familiares e habituais.
- Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata 999.999 e decimais ata as centésimas investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras.
- Estimacións, aproximacións razoadas e redondeo de cantidades con números ata o 999.999 e decimais (ata as centésimas) en problemas cotiáns resoltos con estratexias diversas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.
- Sentido das operacións
  - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e os procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade para a aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.
  - Resolución de problemas contextualizados que impliquen a comprensión da utilidade das operacións aritméticas con números naturais, decimais e fraccións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados.
  - Proceso na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración, expresión da solución de forma clara, ordenada e coas unidades correctas, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos con explicitación do proceso seguido.
  - Resolución de problemas contextualizados con operacións aritméticas combinadas (con números naturais, decimais e fraccións) con atención á súa xerarquía, aplicando as súas propiedades, as estratexias con flexibilidade e sentido e os procedementos de cálculo mental, estimacións, algoritmos ou calculadora que se precisen segundo a natureza do cálculo e a súa complexidade.
  - Creación e formulación de problemas que se resolvan mediante operacións aritméticas (con números naturais, fraccións e decimais) baseados en situacións familiares e cotiáns que permitan establecer conexións con experiencias propias.
  - Uso de calculadora como recurso para a autocorrección de resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso, para a investigación de patróns e propiedades numéricas e como procedemento útil en cálculos complexos.
- Relacións
  - Comparación e ordenación de números naturais, decimais e fraccións con igual denominador como solución de problemas de situacións cotiáns, con interpretación e expresión do resultado exacto ou estimado da comparación e uso adecuado da simboloxía das relacións numéricas.
  - Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre as operacións aritméticas de suma e multiplicación, suma e resta, resta e división, multiplicación e división, fracción e división; aplicación en contextos cotiáns.
- Magnitude
  - Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do sistema métrico decimal (lonxitude, masa, capacidade e superficie), do tempo, da temperatura e de ángulos (graos) en situacións habituais e da súa contorna; elección da medida máis adecuada en cada situación.
- Medición
  - Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións (lonxitude, masa, capacidade, tempo e ángulos) no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (analóxicos ou dixitais), elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, coñecemento das equivalencias entre medidas e medición precisa seguindo os procesos adecuados.
- Estimación e relacións

## Contidos

- Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude e aplicación de equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá que impliquen a conversión de unidades.
- Resolución de retos e problemas que permitan observar e comprobar a relación existente entre o sistema métrico decimal e o sistema de numeración decimal.
- Estratexias para a estimación de medidas do sistema métrico decimal, de ángulos, tempo e temperatura por comparación con unidades de medida coñecidas e a súa aplicación en contextos habituais, con verificación dos resultados, comprobación de se son posibles ou non e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interiorización de medidas de tempo na xestión das emocións, vivencia do tempo de espera, o tempo de calma, as quendas de intervención, a percepción emocional do tempo e na planificación do traballo e nas secuencias temporais das súas producións orais e escritas.
- Modelo matemático
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un modelo matemático con representacións con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipóteses, procura do plan de acción, perseveranzana solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correctado resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación, se é necesaria, e explicación do realizado.
- Relacións e funcións
- Comparación de números, operacións e as súas propiedades con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ( $=$ ,  $?$ ,  $>$ ,
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Autorregulación das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas.
- Recursos e estratexias para autorregular as emocións implicadas na frustración ante tarefas matemáticas, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe, fixación de metas e obxectivos realistas e alcanzables, autocontrol e adestramento positivo.
- O reforzo verbal, a participación, a gradación das dificultades e a identificación de fortalezas como recursos para desenvolver un autoconceito positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero.
- Estratexias para desenvolver a autoestima como medio para superar dificultades e afrontar os retos matemáticos con maior seguridade.
- Realización de investigacións matemáticas individuais ou en equipo para fomentar a curiosidade, o interese, o pensamento autónomo e crítico e a iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e o gusto polas matemáticas.
- Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.
- Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, desenvolvendo a capacidade de adaptarse ou cambiar de estratexias, estimulando o razoamento, con valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros.
- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade
- Expresión de actitudes empáticas inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, mostrando actitudes de comprensión das emocións e experiencias das demais persoas e de sensibilidade e respecto pola diversidade presente na aula.
- Os equipos colaborativos e cooperativos heteroxéneos, mixtos e diversos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa e empática,

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- responsabilidade e exhibibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo: estratexias e dinámicas cooperativas.</li> <li>- Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización de tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea, a avaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos.</li> <li>- Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	NÚMEROS DECIMALES Y FRACCIONES	22

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de perímetros ou áreas de forma pautada.	PE	25
CA1.8 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA2.2 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema relacionado coas unidades de medidas do sistema métrico decimal, con verificación dos resultados e comprobación de se son posibles ou non.		
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.		
CA2.4 - Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema relacionado coas unidades de medida convencionais de tempo, ángulos e temperatura e a súa coherencia no contexto exposto.		
CA2.7 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	Interpretar a linguaxe matemática sinxela relacionada cos perímetros e áreas das figuras planas presentes na vida cotiá, adquirindo o vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.		
CA4.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de perímetros ou áreas de forma pautada.		
CA4.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Participar no reparto de tarefas, respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo.		
CA2.5 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos con axuda dos gráficos e da propia experiencia.		
CA2.6 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Utilizar as conexións entre as matemáticas, as ciencias, a ética, os ODS e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.		
CA2.8 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Comunicar oralmente e de forma gráfica as conxecturas e procesos matemáticos relacionados con áreas e superficies, utilizando linguaxe matemática adecuada.		
CA4.1 - Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.		
CA4.2 - Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación		
CA6.1 - Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desnvolvendo a autoconfianza.	TI	75
CA6.2 - Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos relacionados coas unidades convencionais do Sistema Métrico Decimal (lonxitude, masa, capacidade e superficie), tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo activa e respectuosamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no		
CA6.4 - Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Analizar conxecturas matemáticas sinxelas relacionadas coas figuras planas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.		
CA6.6 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		
CA6.7 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA6.8 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos, nos problemas cos números decimais, utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cantidade</li> <li>- Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de fraccións en textos e contextos familiares e habituais.</li> <li>- Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata 999.999 e decimais ata as centésimas investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras.</li> <li>- Estimacións, aproximacións razoadas e redondeo de cantidades con números ata o 999.999 e decimais (ata as centésimas) en problemas cotiáns resoltos con estratexias diversas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.</li> <li>- Expresión de fraccións e decimais en contextos da vida cotiá: selección da expresión máis adecuada para cada situación previa manipulación, exploración de regularidades e procura de equivalencias.</li> <li>- Sentido das operacións</li> <li>- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración, expresión da solución de forma clara, ordenada e coas unidades correctas, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos con explicitación do proceso seguido.</li> <li>- Resolución de problemas contextualizados con operacións aritméticas combinadas (con números naturais, decimais e fraccións) con atención á súa xerarquía, aplicando as súas propiedades, as estratexias con flexibilidade e sentido e os procedementos de cálculo mental, algoritmos ou calculadora que se precisen segundo a natureza do cálculo e a súa complexidade.</li> <li>- Creación e formulación de problemas que se resolvan mediante operacións aritméticas (con números naturais, fraccións e decimais) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias.</li> <li>- Uso de calculadora como recurso para a autocorrección de resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso, para a investigación de patróns e propiedades numéricas e como procedemento útil en cálculos complexos.</li> <li>- Relacións</li> <li>- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (naturais ata o 999 999 e decimais ata a centésima) e as súas equivalencias; aplicación nas relacións que</li> </ul>

## Contidos

- xera nas operacións.
- Comparación e ordenación de números naturais, decimais e fraccións con igual denominador como solución de problemas de situacións cotiás, con interpretación e expresión do resultado exacto ou estimado da comparación e uso adecuado da simboloxía das relacións numéricas.
- Investigación e comprobación da relación entre fraccións sinxelas (metade, cuarto, décimo), decimais (0,5, 0,25, 0,10) e porcentaxes (50 %, 25 % e 10 %) en situacións cotiás.
- Razoamento proporcional
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo os procesos e as estratexias adecuadas, que impliquen o uso de porcentaxes: rebaixas, contidos nos alimentos envasados, análise deportiva, votacións...
- Magnitude
- Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do sistema métrico decimal (lonxitude, masa, capacidade e superficie), do tempo, da temperatura e de ángulos (graos) en situacións habituais e da súa contorna; elección da medida máis adecuada en cada situación.
- Medición
- Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións (lonxitude, masa, capacidade, tempo e ángulos) no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (analóxicos ou dixitais), elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, coñecemento das equivalencias entre medidas e medición precisa seguindo os procesos adecuados.
- Estimación e relacións
- Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude e aplicación de equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá que impliquen a conversión de unidades.
- Resolución de retos e problemas que permitan observar e comprobar a relación existente entre o sistema métrico decimal e o sistema de numeración decimal.
- Estratexias para a estimación de medidas do sistema métrico decimal, de ángulos, tempo e temperatura por comparación con unidades de medida coñecidas e a súa aplicación en contextos habituais, con verificación dos resultados, comprobación de se son posibles ou non e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interiorización de medidas de tempo na xestión das emocións, vivencia do tempo de espera, o tempo de calma, as quendas de intervención, a percepción emocional do tempo e na planificación do traballo e nas secuencias temporais das súas producións orais e escritas.
- Patróns
- Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación en táboas e gráficos, notacións inventadas, predición razoada e creación de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes, con anticipación ou extensión da secuencia.
- Modelo matemático
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un modelo matemático con representacións con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipóteses, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correctado resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación, se é necesaria, e explicación do realizado.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Autorregulación das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas.
- Recursos e estratexias para autorregular as emocións implicadas na frustración ante tarefas matemáticas, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe, fixación de metas e obxectivos realistas e alcanzables, autocontrol e adestramento positivo.

## Contidos

- O reforzo verbal, a participación, a gradación das dificultades e a identificación de fortalezas como recursos para desenvolver un autoconceito positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero.
- Estratexias para desenvolver a autoestima como medio para superar dificultades e afrontar os retos matemáticos con maior seguridade.
- Realización de investigacións matemáticas individuais ou en equipo para fomentar a curiosidade, o interese, o pensamento autónomo e crítico e a iniciativa na súa aprendizaxe.
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa.</li> <li>- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.</li> <li>- Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividadeas, tradicións e celebracións relixiosas.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.</li> <li>- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	A Biblia: Aprendemos a vivir.	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Descubre e aplica o contido das parábolas evanxélicas na vida cotiá.	PE	53
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Coñece o credo da fe cristiá e o seu significado.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Comprende e exercitar aprendizaxes sociais coas persoas máis cercanas.	TI	47
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Coñece o modo de vivir do discípulo de Xesús Cristo, e descubre as cualidades necesarias que para ser seguidores de Cristo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.</li> <li>- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.</li> <li>- Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Xesús, o Mesías: Un mundo máis solidario.	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrindo como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Coñece como os cristiáns viviron e viven a solidariedade.	PE	50
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Imaxina por escrito cómo pode ser un mundo máis solidario inspirado en Xesús.		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Coñece o credo da fe cristiá e o seu significado.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Aprende cómo Xesús optou por una vida solidaria polos demais.	TI	50
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Dase conta de que cada compañeiro é importante.		
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Recoñece as emocións propias e alleas e empatizar cos demais.		
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Identifica necesidades cercanas a nosa familia, e planifica accións solidarias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas.</li> <li>- A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián.</li> <li>- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade.</li> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> <li>- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.</li> <li>- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.</li> <li>- Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.</li> <li>- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.</li> <li>- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	O amor en acción: Amar a todos.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Sabe que todas as persoas somos iguais en dignidade a pesar das nosas diferencias.	PE	48
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Interioriza a mensaxe de Xesús do amor a Deus e as persoas.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Considera a relevancia da compaixón, o perdón e a non violencia para a nosa vida e a fe cristiá.		
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Aprende a forma en que Xesús ama as persoas.	TI	52
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Descubre a centralidade do amor cristiá e sabe como vivilo en casos concretos.		
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Aprecia as accións que realizamos e o as consecuencias que teñen para a nosa praxis cristiá.		
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Recoñece a riqueza da diversidade cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.</li> <li>- María, modelo de crente.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.</li> </ul>

**Contidos**

- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.
- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.
- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.

UD	Título da UD	Duración
7	A resurrección: Celebramos a eucaristía.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Aprende as actitudes de acollida e misericordia en Xesús, cando se reunía cos seus discípulos.	PE	48
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Comprende a importancia das festas e os sacramentos asociados a diferentes momentos da vida.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Recoñece que a eucaristía é un encontro con Xesús resucitado.		
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Descubr a importancia práctica da eucaristía a partir dunha testemuña concreta.	TI	52
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Aprende cómo as experiencias celebrativas estreitan lazos entre as persoas.		
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Entende a eucaristía como un sacramento que transforma a vida do cristiáns.		
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Identifica a relación entre a festa do domingo e o descanso coa celebración da eucaristía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.</li> <li>- Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.</li> <li>- A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade.</li> <li>- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.</li> <li>- A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa.</li> <li>- A vida cristiá e a celebración dos sacramentos.</li> <li>- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	A Igrexa: A comunidade cristiá.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Descubre a orixe da Igrexa na comunidade formada por Xesús e os seus discípulos; e coñece a misión dos seguidores de Xesús a través do Novo Testamento.	PE	64
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Identifica os elementos máis importantes da misión da Igrexa.		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Expresa a importancia da comunidade para o desenvolvemento da propia interioridade.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Identifica a misión da Igrexa e a súa exemplaridade nos primeiros cristiáns.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Recoñece as experiencias grupais que nos axudan a crecer como persoas.	TI	36
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Comprende a importancia da dimensión comunitaria na vida parroquial e eclesial.		
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Comprende e valorar o patrimonio relixioso dos cristiáns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.</li> <li>- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.</li> <li>- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.</li> <li>- O Credo da Igrexa católica.</li> <li>- María, modelo de crente.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.</li> <li>- Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

Teremos en conta a chamada Pedagogía de Deus. A «pedagogía de Deus» é a forma de proceder de Deus para coas criaturas. Este estilo educativo ten unhas características propias e irrenunciáveis: Deus toma a iniciativa, sempre se achega como unha oferta de amor para os nenos, servíndose da cultura propia para presentarse a si mesmo e transmitirle a súa mensaxe.

Deste xeito, a metodoloxía para a materia de relixión católica ha de provocar o desenvolvemento integral, buscando estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno.

A si mesmo, debe fomentar a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia, do acoso escolar, así como a cultura da paz e os dereitos humanos.

O docente pasa a ser «xestor de coñecemento» para que o alumnado adquiera as competencias adecuadas á súa

idade. Partimos dos coñecementos e da experiencia que ten o alumnado, utilizando, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Esta metodoloxía está orientada a preparar ao alumnado para a vida, ensinando a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade.

As tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados ao contexto real, de xeito que o coñecemento debe transformarse en acción, experiencia e vivencia aplicada, na medida do posible, aos contextos próximos ao alumnado.

Principios metodolóxicos.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

- \* Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e inclusiva, que preste especial atención á diversidade, e con actividades que teñan sentido. Partiremos dos problemas e as situacións reais dos alumnos. Partiremos da avaliación inicial.

- \* Aprendizaxe dinámica, construtiva e significativa, e globalizadora. Que axude a desenvolver todas as capacidades do alumno: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea. Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar o significativo do aprendido e a súa aplicación á vida.

- \* Aprendizaxe progresiva, baseada no principio de continuidade. Supón coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida.

- \* Aprendizaxe de sentido último. Os alumnos inicianse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser. Irán descubrindo isto, nos símbolos e signos do súa contorna, no progreso do curso e na humanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

- \* Aprendizaxe colaborativa. Deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros, como unha forma de experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

- \* Aprendizaxe autónoma. Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma, conectada coa vida, e que esperte o entusiasmo e interese por saber. Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan.

- \* Aprendizaxe activa. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só, pero con axuda si pode.

- \* Aprendizaxe participativa. Buscar unha maior participación do alumnado na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros, fomentado desde o voluntariado.

- \* Aprendizaxe motivadora. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, despertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.

- \* Aprendizaxe potencial. Fomentarase a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, a fin de fomentar súa autonomía.

- \* Aprendizaxe emocional. Facilitaranse técnicas de autorregulación das súas propias emocións, e se promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.

- \* Aprendizaxe na diversidade. Terase en conta as características persoais de cada alumno. Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe.

Agrupamento dos alumnos.

Os criterios de distribución do alumnado na aula (gran grupo, pequeno grupo, individual, etc.) estableceranse en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade.

Os agrupamentos serán fixos e, variarán segundo o criterio que teña establecido cada titor na súa aula, ou preferiblemente de xeito individual en último caso.

Organización dos espazos e tempos.

Adaptada aos alumnos. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada

sesión.

Será unha organización o mais flexible posible, adaptada á idade, actividade, motivación, etc., buscando que os alumnos sexan dinámicos e se sintan motivados, tanto a nivel individual como en grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

Secuencia e descrición do proceso metodolóxico.

\* Experiencia inicial: Partimos dunha experiencia inicial que reflicten sentimentos e emocións que son familiares e fomenta o descubrimento tanto do mundo interior do alumnado como da súa contorna; detecta as capacidades e coñecementos previos, e motiva para achegarse ao tema. Esta primeira sesión das unidades didácticas será fundamentalmente oral.

\* Relato bíblico: A experiencia inicial ilumínase coa lectura e escoita da Palabra de Deus, mediante un relato bíblico. Esta sesión é nuclear.

\* Desenvolvemento dos contidos: Logo desenvolvemos os contidos, isto é, a asimilación da Palabra de Deus encarnada na realidade cotiá do alumnado e na súa contorna.

\* Obradoiro: O alumnado reflexiona sobre o proceso de ensinanza e aprendizaxe, recompilando as aprendizaxes máis significativas de maneira práctica. Desenvolveranse as actividades de reforzo e ampliación, complementarias ás anteriores. De reforzo para aquel alumnado que non poida seguir o ritmo de aprendizaxe da clase, e de ampliación para o alumnado que leva un maior ritmo de aprendizaxe.

\* Avaliación: Serán todas as utilizadas durante as sesións das unidades didácticas. As recollidas nos apartados correspondentes da programación. Terá lugar o finalizar cada unidade didáctica.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro dixital.
Caderno de traballo.
Sagrada Biblia.
Libros de apoio, consulta e de lectura.
Materiais diversos.
Imaxes de distintas producións artísticas.
Materiais para producións artísticas.
Xogos e outros elementos lúdicos.
Monicreques.
Materiais audiovisuais.
WEB relacionadas coa materia.

O Libro dixital será o establecido no Entorno Visual de Aprendizaxe: «Religión católica 5º Primaria. Plataforma Netex».

O Caderno de traballo será similar o utilizado nas outras materias.

Sagrada Biblia: versión oficial da Conferencia Episcopal Española. Tanto en formato de papel coma na súa versión «en liña» (<https://www.conferenciaepiscopal.es/biblia>).

Libros de apoio, consulta e de lectura: «La Biblia didáctica», SM-PPC; «YOUCAT para niños», Ediciones Ecuentero; «¿Dónde vive Dios?... y 101 preguntas más», Editorial Verbo Divino; «Historias de la Biblia: El cuidado y el cariño», SM; e outros similares.

Materiais diversos: Láminas, revistas misioneras, libros de oracións, fotografías, cómics, postais, adhesivos, carteis, calendarios, debuxos, etc. Mapas conceptuais, símbolos relixiosos e fichas de diversas fontes.

As imaxes artísticas relacionadas co cristianismo son tomadas de diversas fontes: pintura, escultura, arquitectura,

fotografía, etc.

Os materiais para producións artísticas: ceras de cores, lapis, témperas, papeis de cores, rotuladores, tesoiras, cola, etc.

Os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a exploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Os monicreques representan a personaxes bíblicos para contar as narracións das que son protagonistas, ou personaxes dos contos que se usan cunha finalidade pedagóxica.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización: «Grandes héroes y leyendas de la biblia», Good Times; «El evangelio en dibujos animados», Nest; «Héroes de la fe», BDM Internacional; e outros semellantes.

WEB relacionadas coa materia.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso precisamos partir dos coñecementos previos que ten o alumnado e servímonos da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada alumno. Ao comezo de cada curso faremos unha avaliación inicial con actividades lúdicas sinxelas.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención máis específicas, e de recuperación, que considere máis oportunas para cada alumno. Tamén, ao comezo de cada Unidade Didáctica, faremos unha proba inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación motivadora.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	52	50	58	53	50	48	48	64	<b>53</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	48	50	42	47	50	52	52	36	<b>47</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora. A avaliación continua levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os procedementos e instrumentos de avaliación. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos.

Os instrumentos de avaliación constitúen o soporte físico que se emprega para recoller as aprendizaxes esperadas dos alumnos correspondentes aos procedementos de avaliación. Consideramos os seguintes instrumentos de avaliación:

\* Proba escrita: Instrumento no que o alumnado demostra o seu coñecemento a través de unha evidencia escrita. Proba formulada en forma de cuestionario; Resumo de diversos contidos do currículo; Cadro cronolóxico (ordenación cronolóxica dos feitos máis importantes dun relato bíblico); etc.

\* Táboa de indicadores: Instrumento no que alumnado demostra o seu coñecemento a través dunha evidencia co apoio dunha lista de indicadores ou escalas de valoración. Diario de clase; Follas de seguimento; Rexistros dos diálogos co alumnado, de exposicións de un tema, de probas orais; Libro de texto; Caderno de traballo; etc.

Os criterios de cualificación son aqueles requisitos que deseñamos para determinar o grao de aprendizaxe dun alumno nunha escala determinada, nunha unidade didáctica ou nunha avaliación. O grao de consecución exprésase nos termos de: Insuficiente (para as cualificacións que non acadan os mínimos de consecución), Suficiente, Ben, Notable, Sobresaliente (para as cualificación que superen o mínimo de consecución).

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, unha por cada trimestre, e unha avaliación final ordinaria no mes de xuño. O alumnado deberá acadar as ensinanzas mínimas que constan nesta programación didáctica.

As cualificacións de cada avaliación resultarán da avaliación dos criterios previamente ponderados dentro de cada unidade didáctica; a media ponderada das unidades didácticas conformarán a cualificación da avaliación trimestral. A cualificación final da materia será a media ponderada das cualificacións de todas as avaliacións.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades de reforzo sinxelas, etc.

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno, antes de que finalice cada unidade didáctica, se solicitará axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Na LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos. Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais. A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas. Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Se implantarán actividades moi sinxelas, máis manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos. Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade, do espírito científico e emprendedor.	X				X			X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Educación para a igualdade entre mulleres e homes.		X				X		X
ET.6 - Educación para a non violencia e a paz, e resolución de conflitos.		X	X	X	X	X		X
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente e o consumo responsable.	X	X		X		X		X
ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.		X				X		X
ET.9 - Educación emocional e en valores cristiáns e dereitos humanos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación na «entre-cultura».	X	X	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

En todas e cada unha das unidades didácticas, en beneficio dunha educación integral e sostible, traballaranse os elementos transversais, arriba indicados, como eixe que vertebra todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A comprensión lectora a faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo facilita máis éxitos e favorece a igualdade de oportunidades.

A relixión católica é en si mesma unha educación en valores, é transversal a todas as culturas. Polo tanto tamén a inclúo neste apartado, porque considero importante traballar, en todas as unidades didácticas, valores fundamentais comúns a todas as culturas: O respecto, a amizade, o amor, a alegría, o perdón, a familia, o compartir, o axudar, a caridade, a tolerancia, etc.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Xornada do «Domund».	O alumnado deste nivel colaborará na xornada do «Domund».			
Campaña solidaria de «Cáritas».	O alumnado deste nivel colaborará na campaña solidaria no Nadal, da ONG «Cáritas».			
Día da non violencia e da paz.	O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou dende o equipo de actividades complementarias para festexar o día 30 de xaneiro.			
Campaña contra a fame de «Mans Unidas».	O alumnado deste nivel participará na campaña contra a fame no mundo, da ONG «Mans Unidas».			
Día das letras galegas.	O alumnado deste nivel participará nas diversas actividades propostas, dende a biblioteca escolar, para a celebración do día das letras galegas.			
Visita a igrexa de Bueu.	O alumnado deste nivel visitará a igrexa de Bueu ou santuario, capela, etc., da contorna.			
Exposicións nos corredores do colexio.	Montaxe e exposición dun pequeno «Belén», ou de outros traballos, nos corredores do colexio.			

**Observacións:**

A LOMLOE indica que a educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social.

Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade.

As actividades complementarias propostas serán experiencias de aprendizaxe emocional positivas, e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.
Creo e comparto materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
Adapto as actividades a diversidade da aula.
Potencio a participación dos alumnos na aula.
Vinculo o aprendizaxe ca vida real.
Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento.
Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.
Fomento a auto-avaliación e a co-avaliación.
Realizo formación para mellorar como profesional.
Respecto os aspectos confidenciais da miña profesión.
Evito calquera maneira de discriminación cara o alumnado, familias e co equipo docente.

**Descrición:**

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistematicamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos readaptar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento da clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de auto-avaliación docente unha lista de control de diferentes indicadores. Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a cuadrícula na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Pouco; Ás veces; Frecuentemente; Sempre.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Procedemento de seguimento.

O seguimento do cumprimento da programación será a través da aplicación PROENS, revisando os datos de cada unidade didáctica: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 3o ciclo de Educación Primaria.

Os instrumentos xa sinalados para cada unidade didáctica servirán para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos, e ademais para que o docente saiba se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

Avaliación e propostas de mellora.

A avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas tan pronto como se detecten dificultades no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A avaliación do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

Avaliarase a programación segundo os aspectos seguintes, acompañados das propostas de mellora de cara ao vindeiro curso:

\* Preparación da clase e dos materiais didácticos: Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases. Existe unha distribución temporal equilibrada. O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

\* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais: A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado. A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno. Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da Aprendizaxe e Comunicación.

\* Regulación da práctica docente: Grao de seguimento dos alumnos medio-alto. Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes. Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

\* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias: Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos. Consecución dos alumnos dos criterios de avaliación programados. Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe. Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía das actividades planificadas. Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos e ás familias.

\* Utilización de medidas para a atención á diversidade: Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe. As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes. Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

Para cumprimentar esta auto-avaliación debemos marcar a cuadrícula na que nos atopamos, segundo os indicadores: Sempre; Case sempre; Case nunca; Nunca.

## 9. Outros apartados